

XUVENTUDE CREA

2021
2021
2021
2021



artes plásticas
banda deseñada
cociña
creación de videoxogos
danza moderna
deseño de xoias
fotografía
graffiti
moda
música
novela curta
poesía
teatro
videocreación

XG 201
201
XUVENTUDE CREA

1ª ed., 2022. Santiago de Compostela

Edita

Xunta de Galicia, Consellería de Política Social e Xuventude, Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado

Deseño

Seteseoito deseño gráfico

Imprime

Gráficas Garabal S.L.

DL: C 1002-2022

Sumario

ARTES PLÁSTICAS	9		
MEMBROS DO XURADO	9		
María García Fernández	10		
Oliver Alonso Fernández	12		
Alejandro Vázquez Tomé	14		
Alejandro Reiriz Pouseu	16		
BANDA DESEÑADA	19		
MEMBROS DO XURADO	19		
Jorge Fernández Fernández	20		
Brais Fierro Fuentes	22		
Sergio de Arcos	24		
Antón Yáñez Souto	26		
Anxel Carramal Fernández	28		
COCÍÑA	31		
MEMBROS DO XURADO	31		
Francesca De Nigris	32		
Andrea Maseda Prado			
e Miguel Morán Gueimonde	34		
Michael Cebral López			
e Pablo Torreira Pardo	36		
Ainhoa Martínez Álvarez	38		
Creación de videoxogos	41		
MEMBROS DO XURADO	41		
Hopeless Productions	42		
Team Valico	44		
Os fados	46		
Danza moderna	49		
MEMBROS DO XURADO	49		
Celina Mauricio Damas	50		
Cristais	52		
Lluis Castro Vilches	54		
		Grow as Ohana	56
		Macorinos	58
		DESEÑO DE XOIAS	61
		MEMBROS DO XURADO	61
		Julián Rivas Pintos	62
		Laura Formoso Caamaño	64
		Inés Cortizas Vázquez	66
		FOTOGRAFÍA	69
		MEMBROS DO XURADO	69
		Andrés Seara	70
		Adrián Vázquez Rodríguez	72
		Rocío Campoy Lage	74
		Claudia Valentina Feijóo Díaz	76
		Hadrián Márquez	78
		David García Villaverde	80
		GRAFFITI	83
		MEMBROS DO XURADO	83
		Miguel Aurelio Cajaraville Mosquera	84
		Alva Vidal Capón	86
		Daniel Fernández Vargas	88
		Andrea Otero Vázquez	90
		MODA	93
		MEMBROS DO XURADO	93
		Francisco Basteiro Salgado	94
		Marta del Río Moldes	96
		Beatriz Chan Costa	98
		MÚSICA	101
		MEMBROS DO XURADO	101
		Alicia Otero	102
		Ana&Marián	104
		Karma Animal	106

NOVELA CURTA

MEMBROS DO XURADO

Alba Guzmán Falcón

Adrián Noia Vázquez

Aarón Barreira Diz

Poesía

MEMBROS DO XURADO

Brais Lamela Gómez

Judith Ruso Pereiro

Navia Rivas de Castro

109

109

110

112

114

117

117

118

120

122

TEATRO

MEMBROS DO XURADO

Mevadeus

As Catro

Xebra

Videocreación

MEMBROS DO XURADO

Aarón Vilariño Figueiras

Mario Fernández Filloy

Juan Rodríguez Bas

Alba Rodríguez Villar

125

125

126

128

130

133

133

134

136

138

140

O florecer da creatividade

A xuventude foi ao longo da historia da arte un dos períodos vitais que máis inspiración ofreceu a artistas, escritores ou pintores. Faino tanto a través da súa contemplación, como a través dos sentimentos e experiencias que experimentamos nesta etapa. Na nosa primavera vital, todas as cores, olores e texturas teñen máis intensidade e isto favorece que a creatividade florezca de xeito natural.

Moitos mozos galegos senten neste brotar as ganas de plasmar todo o que perciben os seus sentidos a través da palabra, da tecnoloxía ou da fotografía. O catálogo que tes entre mans é boa mostra diso. Nel inclúense obras realizadas pola xuventude galega en catorce disciplinas artísticas diferentes como a poesía, a moda, o graffiti ou os videoxogos. É unha mostra da súa creatividade e de todo o talento que teñen por amosar.

Son moitos os artistas de todo o mundo que sentiron a chamada da creatividade e renunciaron a ela por non recibir o apoio necesario por parte da sociedade do seu tempo. O programa Xuventude Crea permítenos dicirlle á xuventude que cremos no seu talento e que queremos seguir coñecendo toda esa creatividade que nace no seu interior.

O patrimonio dun pobo mídese polo talento, a cultura e o traballo dos seus habitantes. Galicia é unha terra rica grazas a esta mocidade, grazas a cada xeración de galegos que procura sempre protexer e incrementar esta herdanza.

Fabiola García Martínez
Conselleira de Política Social e Xuventude



ARTES PLÁSTICAS

PERSOAS PREMIADAS

1º Premio	María García Fernández
2º Premio	Oliver Alonso Fernández
3º Premio compartido	Alejandro Vázquez Tomé
3º Premio compartido	Alejandro Reiriz Pouseu

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

Vogais

Mercedes Rozas Caeiro

Manuel Paz Mouta

Javier Expósito Paradela

Pedro Miguel González Galilea

José Eduardo López Valiña

Secretario

Santiago Aparicio Fernández



1º PREMIO

María García Fernández

Asturias

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2011-2015. Grao en Belas Artes- Universidade de Vigo.
- 2015. Intercambio bilateral no centro de arte CEART en Santa Catarina (Brasil).
- 2016-2018. Mestrado de Investigación e Creación en Arte Contemporánea, Universidade de Vigo.
- 2019-2020. Mestrado de Dirección en Arte Publicitaria, Universidade de Vigo.
- 2014. Curso de Comisariado e Xestión de Exposicións. Taller Aberto.

EXPERIENCIA PROFESIONAL


- 2015. Museo Hassis Exposición colectiva Resquicios, (Florianopolis, Brasil).
- Obra en colección Museo Mesc Exposición colectiva. Poéticas do desheño, Brasil.
- 2016. Marco Vigo. Prácticas, Coordinación e montaxe expositivo.
- 2017. Novos Valores 2017. Exposición colectiva. Museo de Pontevedra (Publicación de Catálogo).
- 2018. Iso Segue o Seu Curso Exposición colectiva. Sexto edificio Museo de Pontevedra (P. Catálogo).
- 2019. Undécimo Premio Auditorio de Galicia. Santiago de Compostela (Publicación Catálogo).
- 2019. Novos Valores 2019. Exposición colectiva. Museo de Pontevedra.
- 2019. Accesit XV Certame Centro Cultural Marcos Valcárcel. Ourense (P. Catálogo).
- 2021. Museo Liste Etnográfico. Proxecto Apegadas. Vigo (P. Catálogo).
- 2021. Duodécimo Premio Auditorio de Galicia. Santiago de Compostela (catálogo online).

Son graduada en Belas Artes, artista gráfica e directora de arte publicitaria, interesada pola gráfica en todas as súas vertentes, a cal entendo dende o xeito máis tradicional ata o dixital.

A miña obra foi seleccionada para participar en diferentes exposicións nacionais e internacionais, como Resquicios 2015 Museu Hassis (O Brasil); Poéticas do Desheño 2015 MESC (Santa Catarina Brasil) ou Novos Valores 2017 e Novos valores 2019 (Museo de Pontevedra).

 @m__gar

Fragmentos de una erosión



Fragmentos de una erosión nace da necesidade de querer transmitirle unha experiencia persoal á persoa espectadora, expondo a peza como un percorrido polos fragmentos, texturas e espazos, un paseo entre luces e sombras. Profúndase e analízase a relación entre o motivo da montaña e a identidade, con base nunha experiencia previa, dende o arraigamento e o recordo á terra, como unha áncora emocional.

O resultado é unha peza de mediano formato, na que o espectador ve unha figura plana dende lonxe e, a medida que se aproxima, descobre nela o percorrido e a tridimensionalidade que dá paso aos espazos e á perda desa visión en distancia.

Cobra vital importancia o proceso de creación da peza: xera unha dualidade que une a fisicidade do material coa fisicidade do territorio a través do concepto construtor da peza, a erosión.

O formato alude ao corporal e á percepción, tanto na súa propia creación como na miña parte máis experiencial como artista, e culmina na posterior interacción co espectador. Fragmentos simultáneos que rompen, se solapan e se superpoñen, entrelazándose e creando trama, un tecido de vivencias e sensacións que en ocasións te recompoñen.



2º PREMIO

Oliver Alonso Fernández

Vigo

FORMACIÓN ACADÉMICA

2013-2018. Universidade de Vigo, Pontevedra. Grao en Belas Artes.

2019-2020. Manchester Metropolitan University, Mánchester, Reino Unido. Mestrado de Producción de Arte Contemporánea.

2021-actualidade. Universidade Complutense de Madrid. Doutorado en Belas Artes.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2021-actualidade. Marco museo de arte contemporánea de Vigo. Auxiliar de sala.

Actualmente son estudante de doutoramento en Belas Artes na Universidade Complutense de Madrid, onde (en sintonía coa miña liña de creación como artista) investigo sobre o impacto que ten –e terá– nos próximos anos, tanto no ámbito artístico como no económico e social, a incursión no mundo da arte do contorno virtual, a tecnoloxía *blockchain* e o mercado *crypto*, incluíndo neste conxunto os NFT e calquera tipo de peza realizada integramente en soporte dixital. As palabras clave que definen a miña práctica artística son ciborg, evolución, ciencia-ficción, telecomunicacións, relixión.


 @oliver.af

We are all alike



We are all alike baséase na composición visual das vidreiras góticas europeas. A través dunha renovación da iconografía relixiosa, intento con esta obra reformular os obxectivos das relacións interpersoais nunha sociedade agora inmersa na tecnoloxía e nas telecomunicacións. A silueta en forma de frecha ascendente das vidreiras góticas convencionais acada aquí un

novo sentido, que é indicador de elevación espiritual a un novo contorno, que é a realidade virtual. A frase lexible na parte superior, «We are all alike», é un fragmento recorrente e sentenza final no Manifesto Hacker, redactado en 1986 por Loyd Blankenship.



3º PREMIO COMPARTIDO

Alejandro Vázquez Tomé

Vigo

FORMACIÓN ACADÉMICA

2017-2021. Universidade de Vigo, Pontevedra. Grao en Belas Artes.

EXPERIENCIA PROFESIONAL


2021. CGAC. Colaboración en instalación colectiva para o proxecto Aula Aberta dentro da exposición *Cultivar Incertezas*.

2022. Post Dixital Landscapes.

Nacer no cambio de século fixo que o meu desenvolvemento, como o de moitos dos meus compañeiros xeracionais, estivese marcado pola dixitalización crecente do mundo. Os cambios profundos no noso entendemento e a nosa forma de relacionarnos, provocados por estes procesos dixitalizadores, fan un caldo de cultivo interesante para novas narrativas. Neste contexto, o meu campo de traballo céntrase en buscar conexións emocionais ou reflexos identitarios que emanen do chan frío e árido que supón o contido dixital e os medios de comunicación de Internet.

 <https://www.behance.net/camelcompact99>

Quería traerte flores



Preceptos culturais como o amor romántico xeran unha presión en nós, debido a que estamos educados para desexalos, aínda que poidamos rexeitalos profundamente. *Quería traerte flores* sitúase aquí, nese salto entre o que os aparatos da imaxe cultural nos emiten como desexable e as nosas verdadeiras paixóns.

A imaxe artística quere servir aquí como un contrapunto a estes aparatos de imaxes espectaculares (G. Debord) que median a

nosa vida, a idea naif de regalar flores substitúese coa creación dunha realidade íntima construída a través da representación.

As flores créanse a través de diferentes símbolos e imaxes fragmentarias, igual que nós mesmos e as nosas relacións cos demais nesta era posdixital na que todo se media a través da representación. Ao final, estas flores son inmateriais e teñen unha esencia esquiva, igual que o amor na era dos reflexos dixitais.



3º PREMIO COMPORTIDO

Alejandro Reiriz Pouseu

Bueu

FORMACIÓN ACADÉMICA

2018–2020. Programa do Diploma do Bacharelato Internacional (SEK-Atlántico) coa materia de Artes Visuais a Nivel Superior.

2020-2021. Pregrao en Arte e Deseño en Central Saint Martins (University of the Arts London) – Foundation Diploma in Art & Design.

Actualidade. Grao de Belas Artes (Fine Art) en Chelsea College of Art & Design (University of the Arts London).

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2018. Intercambio de Arte e Cultura co colexio Yokohama International School (Xapón).

Xaneiro 2019–Outubro 2019. Erasmus Plus-Bolsa Artística pola Unión Europea. Participación no proxecto POTA (Power Of The Art). Localidade: Bursa (Turquía) e Pontevedra (España).

2019-2020. Clases particulares de pintura e debuxo coa artista e profesora Miriam Cidrás (Alquimia Studio and Gallery, Pontevedra, Galicia).

Marzo 2020. Exposición grupal de arte no Liceo Casino de Pontevedra.

Mai 2020. Exposición e colaboración co museo virtual e promotor de artistas: Lux Moving Image. Exposición online de obras video-creación. "Nature is a video game".

Xuño-Xullo 2021. Entrevista con Annie Walker na páxina web paintingdicks.com, promocionada pola Central Saint Martins (University of the Arts London).

Actualidade. Fotógrafo en Vogue.it – 7 fotografías seleccionadas na páxina web VOGUE.

Considérome un artista interdisciplinario. Sempre me decantei pola pintura, aínda que ultimamente descubrín novas formas de creación como a escultura, a *performance* e a videocreación.

Na miña práctica, gústame crear un diálogo entre o público e a obra, pois permítenos explorar de que maneira a percepción sensorial, a memoria e a fe axudan a comprender a arte e o mundo.

 <https://linktr.ee/alejandroreiriz>

Galicia esperta e herbas ledas



Sempre sentín unha inmensa conexión coa natureza. Dende moi pequeno saía ao xardín buscar bichos ou axudaba o meu avó a plantar árbores e verduras.

Galicia esperta e herbas ledas é unha obra feita con moito agariño, pureza e honestidade. Este cadro mostra unha pequena galería de debuxos e bosquexos da fauna e da flora galega: dende insectos a flores típicas da localidade.

Na pintura explórase a maxia das cores e as formas que nos dá o universo. Ademais, faise unha pequena reflexión sobre o gran

consumismo, contaminación e abandono dos bosques e das zonas rurais. Tamén a maneira en que, durante a pandemia, a vida salvaxe tomou lugares e nos deu momentos preciosos: puidemos escoitar os paxaros de novo, respiramos aire puro e limpo, vimos os animais preguntarse onde fomos parar os humanos...



BANDA DESEÑADA

PERSOAS PREMIADAS

1º Premio	Jorge Fernández Fernández
2º Premio	Brais Fierro Fuentes
3º Premio	Sergio de Arcos
Mención de honra	Antón Yáñez Souto
Mención de honra	Anxel Carramal Fernández

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

M.^a José Fernández Laso

Xefa territorial da Consellería de Política Social e Xuventude en Ourense

Vogais

Lía Soto Rodríguez


Isabell Seidel

Jorge Campos Sánchez

Teresa de la Paz Grande Taboada

Secretario

Alejandro Río Vicente



1º PREMIO

Jorge Fernández Fernández

O Barco de Valdeorras

FORMACIÓN ACADÉMICA

2014-2018. Universidade de Vigo, Pontevedra. Grao en Belas Artes.

2018-2021. O Garaxe Hermético, Escola Profesional de Banda Deseñada e Ilustración, Pontevedra.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2019. Diario de Pontevedra. Publicación dunha historieta.

2020. Finalista no concurso de portadas para *Ilustracións arrepiantes para temer ao carón da lareira*, curtas 2020.

2020. O Garaxe Hermético. Historieta para libro colaborativo.

Dende pequeno mostrei interese polo debuxo e por contar historias. Comecei a miña formación na Facultade de Belas Artes en Pontevedra e, para o proxecto de fin de grao, realice un libro ilustrado. Decidín continuar a miña formación na Escola O Garaxe Hermético. Actualmente fago ilustracións, historietas en *fanzones* e tamén pequenas animacións, pero principalmente estou traballando nunha historia longa co fin de publicala.


 @jorgecokito

O capricho



Inspirado por unha serie que estaba vendo sobre a vida e a obra de Da Vinci, decidín que a historieta tería como protagonista un pintor do Renacemento. Tendo en conta esta premissa, enriqueime en tratar algúns temas relacionados coa profesión. Por exemplo, a capacidade do pintor de preservar, a través dunha mostra pictórica, a calquera persoa na historia e, neste caso e

dun xeito simbólico, facela inmortal. O que esperta a curiosidade e o desexo dun avaricioso rei por dispor de tal capricho na súa corte. Tal é a súa ansia por coleccionar que decide pór en xogo os límites do artista facéndolle unha encargada do máis ambicioso. Pero como a meirande parte das cousas, todo ten unha data de caducidade.



2º PREMIO

Brais Fierro Fuentes

A Coruña

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2019-Actualidade. Freelance no eido da ilustración e deseño gráfico.

Deseñador gráfico e ilustrador, levo consumindo banda deseñada dende sempre, independentemente do estilo, da temática ou da orixe. Nos meus proxectos intento empregar os elementos gráficos de maneira que enriquezan e acheguen contido, tratando de transmitir máis aló do explícito, buscando expresar máis con menos.



Vilzavar



Trátase dun pequeno experimento no que intentei poñer a proba a miña forma de narrar, buscando xerar unha escena cotiá, como pode ser o día a día dunha cuadrilla de amigos, que contrastase cun clímax máis propio dun mundo fantástico e misterioso.

Por unha parte, quería ver se era quen de darlle un transfondo aos rapaces, cal é a relación entre eles, de onde veñen, os seus gustos etc., sen ser explícito nos detalles. Por outra banda, quería experimentar coa cor para xerar unha atmosfera que envolverse a historia, cunhas cores quizais non de todo convencionais.



3º PREMIO

Sergio de Arcos

Ponteareas

FORMACIÓN ACADÉMICA

2018-2021. Escola profesional de banda deseñada e ilustración O Garaxe Hermético, Pontevedra.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

Decembro de 2019 [1ª edición]. Antoloxía coral de banda deseñada Infinita, 7º volume da colección Cornelius. Editado pola Deputación de Pontevedra.

2021-Actualidade. Aulas extraescolares de debuxo a nenos e a nenas de educación primaria.

Previsto para 2022. 8º volume da colección Cornelius. Editado pola Deputación de Pontevedra.

Antoloxía coral de banda deseñada sobre o valor patrimonial das Illas Cíes, enmarcada no proxecto *Cíes Talent*.

Actualmente estou traballando xunto ao guionista Sam, excompañeiro do Garaxe Hermético, no noso manga *Mental Process: Trust*, que resultou gañador do Premio de Fin de Curso da escola en 2021. Complementoo como boamente podo con encargos ocasionais de banda deseñada e ilustración, así como con clases extraescolares de debuxo que imparto para nenos e nenas de educación primaria.

 @sergio.dearcos

 @sergio_dearcos

 @s.dearcos

O xermolo da roseira



O xermolo da roseira nace en 2019 en forma de pequeno xermolo de historieta, precisamente, sen título nin unha liña argumental sólida. Foi unha idea xurdida durante o segundo ano do curso profesional de Banda Deseñada da escola, que foi desbotada ou, mellor dito, gardada no conxelador. Unha vez que rematei a miña formación, xa no verán, volvo recorrer a esa idea hibernante para tratar de levala a bo porto.

Gústame as historias que contrastan un contexto inhóspito ou un transo complicado para os personaxes con elementos hu-

morísticos ou saídos de ton. Así foi como se me ocorreu que no mesmo cómic podían convivir un ancián amargado polo dó da viuvez e unha parca extrovertida e teatreira cansa do seu traballo. Son personaxes aparentemente moi distintos que, en realidade, son a clave que cada un deles precisa para atopar a felicidade.



MENCIÓN DE HONRA

Antón Yáñez Souto

A Pobra do Caramiñal

FORMACIÓN ACADÉMICA

2016-2020. Universidade de Vigo, Pontevedra. Grao en Belas Artes.

Son un mozo ao que lle gustaría poder dedicarse profesionalmente á banda deseñada. É un medio creativo moi rico que sempre me interesou e quero explorar as súas posibilidades, tanto gráficas como narrativas. Todo comezou de ben pequeno, debuxando historietas nos meus cadernos no colexio, para continuar na universidade editando *fanzines*. Agora intento dar os meus primeiros pasos no mundo editorial, mentres continuo os meus estudos nun mestrado sobre videoxogos, outro medio no que tamén me gustaría traballar.

 @_3ays_

 @_3ays_

Proxecto Mandrágora



Proxecto Mandrágora é un cómic onde se narra a aventura de Breogán e os seus esforzos por solucionar un problema que lle afecta ao destino do mundo, un problema polo que sente culpable e, desta forma, deixar a súa conciencia tranquila. A súa é

unha tarefa perigosa, practicamente unha misión suicida, pero que ninguén máis pode realizar. Quizais sexa por ese motivo, ou porque se cansou de fuxir, pero Breogán teno claro... Queda traballo que facer!



MENCIÓN DE HONRA

Anxel Carramal Fernández

Pontevedra

FORMACIÓN ACADÉMICA

2020–Actualidade. Curso Profesional de Banda Deseñada en O Garaxe Hermético.

Dende pequeno encantábame debuxar e non recordo outro momento no que puidese estar máis de cinco minutos concentrado en algo que non fose pintar, debuxar e argallar historias. Tomeino como un pasatempo máis, ata que hai uns anos decidín formarme para entrar como profesional no mundo da banda deseñada. Espero que se continúe apoiando esta increíble arte no galego.

 @anxel.artworks

Jännyt



Baseándome en lendas de mitos reais sobre certas tribos esquimós e na mitoloxía nórdica, escribín esta obra para falar das viaxes, tanto físicas como metaforicamente falando, do compañeirismo, do respecto polos animais e pola propia natureza, á que tarde ou cedo acabaremos volvendo. Tamén fala da desconfianza, do medo irracional ao descoñecido e da superación e

valentía que supón aceptar un destino como propio. Para realizar a obra, empreguei técnicas tradicionais, con acuarela para os fondos e augada para os personaxes, e a liña está feita con lapis queimado. A maiores, hai axustes de cor e certos efectos, como algunhas iluminacións ou a neve, que foron editadas dixitalmente.



COCIÑA

PERSOAS PREMIADAS

1º Premio

Francesca De Nigris

2º Premio

Andrea Maseda Prado e Miguel Morán Gueimonde

3º Premio compartido

Michael Cebral López e Pablo Torreira Pardo

3º Premio compartido

Ainhoa Martínez Álvarez

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

Vogais

Cristóbal Ramírez Gómez

Faustino Batallán Cons

Manuel Gago Mariño

Alejandro Iglesias Vázquez

Roberto Walther Schnellbach

Secretaría

M.ª Pilar Lorenzo Vilar



1º PREMIO

Francesca De Nigris

Santiago de Compostela

FORMACIÓN ACADÉMICA

2014-2016. USC, Mestrado en Dirección e Finanzas.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2018-2021. Administrativa nunha empresa de transporte terrestre internacional.


Cociñar significa moito para min. É un xeito de expresar a miña creatividade e un certo xeito de agradar as persoas que amo, convidándoas a probar a miña comida. Na miña casa creime nun ambiente onde todo estaba preparado, dende pequena ensináronme a coidar e respectar a comida. Ao final, somos o que comemos e ter esta paixón anímame todos os días a probar receitas, innovadoras e saudables, que utilizan ingredientes de tempada.

Tortaleta de castañas con cremoso de queixo San Simón e coulis de pera e mostaza



A tortaleta de fariña de castaña é unha alternativa deliciosa e saudable, usa un ingrediente pouco coñecido na gastronomía, cun nivel enerxético moi alto e un nivel glicémico moi baixo. A idea de combinalo cun cremoso queixo San Simón, queixo estrela en Galicia, pretende darlle un toque afumado e único ao prato. Ao ser unha torta menos doce, pensei en engadir un *coulis*

de peras e mostaza. A mestura é orixinal, a súa singularidade inspírase en querer combinar todos os ingredientes e ter unha explosión de sabores: doce, salgado-afumado, picante. Para rematar, a textura crocante das peras deshidratadas daralle ao prato un toque moderado.



2º PREMIO

Andrea Maseda Prado e Miguel Morán Gueimonde

Muimenta

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2011-2015. Universidade da Coruña, Grao en Comunicación Audiovisual (Andrea Maseda Prado).
- 2021-2022. Universidade de Santiago de Compostela, Mestrado en Servizos Culturais (Andrea Maseda Prado).
- 2010-2018. Universidade da Coruña, Grao en Arquitectura (Miguel Morán Gueimonde).

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2019-Actualidade. Okho arquitectos-Arquitecto (Miguel Morán Gueimonde).
- 2016-2021. Casa Grande de Xanceda-Responsabilidade Social Corporativa e Marketing (Andrea Maseda Prado).
- 2021. Bico de Grao – Publicidade e comunicación (Andrea Maseda Prado).

Somos dúas persoas imaxinativas, creativas e un pouco testanas, tanto que este foi o segundo ano que participamos no programa Xuventude Crea. Gozamos moito viaxando dentro ou fóra de Galicia, moitas veces na furgó medio emprestada de Maseda, onde descubrimos lugares cheos de natureza, historia, cultura e, como non, comidiñas saborosas. Porque, aínda que nos gusta cociñar, a estas dúas lambonas de Muimenta préstanos máis comer!

 @masedaandrea

 @mmmorang

Nube de alfabaca e xeado de tomate de Carmen, sobre sopa fría de queixo do Cebreiro



A nosa elaboración é unha proposta de cociña de mercado, vexetariana e saudable. Partindo da sinxeleza de tres produtos habituais na gastronomía como o tomate, a alfabaca e o queixo, propoñemos un xeito diferente de comelos —e de gozar deles— mantendo á vez todo o seu sabor. A súa creación nace durante a tempada primavera-verán como cociña de aproveitamento de dous dos tres elementos principais, pois neses meses o tomate

e a alfabaca enchen por completo as nosas hortas e despensas. Deste xeito, e ante a imparable chegada de tomates de Carmen á nosa casa, quixemos explorar ata onde podíamos experimentar con eses ingredientes sen caer na repetición común da elaboración dunha ensalada. Así, sen maior pretensión, elaboramos esta receita fresca e elemental, que permite escoller a súa degustación como entrante ou como sobremesa.



3º PREMIO COMPARTIDO

Michael Cebra López e Pablo Torreira Pardo

Lugo

FORMACIÓN ACADÉMICA

2018-Actualidade. Universidade de Santiago, Grao en Biotecnoloxía (Michael).

2018-Actualidade. Universidade da Coruña, Grao en Bioloxía (Pablo).

2016-2018. IES Nosa Señora dos Ollos Grandes. Bacharelato científico.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2014-Actualidade. Atleta federado, especialidade en lanzamento de disco (Michael).

Somos estudantes de terceiro curso da rama biolóxica e sempre buscamos plasmar o que aprendemos en todo aquilo que facemos. A verdade é que somos os dous máis raros que un can verde, con todo —é iso precisamente o que nos fai ser tan bos amigos—, gozamos moito facendo as mesmas parvadas, dentro das cales se atopa cociñar, comer e descubrir cousas novas.

Esencia da fraga



Esencia da fraga naceu de intentar mesturar as nosas comidas preferidas. Eu, Michael, son un amante das filloas e de calquera doce do Entroido. O porco celta e os pementos veñen do lado de Pablo, un amante da boa comida e ao que lle encanta darlle unha volta ao clásico para, aínda que difícil, intentar melloralo e transformalo en algo único e delicioso, como son eses pementos de padrón en tempura. Por último, hai que destacar a

salsa, que sae de extraer a esencia das verduras que temos na horta e que lle transmiten o seu sabor non só ao porco, dándolle un gusto aínda máis especial, senón ao caldo no que se coce, facendo unha salsa espesiña capaz de devorar barras de pan enteiras. Así, o conxunto de todo isto é unha receita construída a conciencia, con base nos tres piares básicos da cociña: o coñecemento, a diversión e o cariño.



3º PREMIO COMPARTIDO

Ainhoa Martínez Álvarez

A Pobra de Trives

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2021. VoluntariadoGalego.org, Curso: Formación en igualdad para a prevención e o afrontamento da violencia de xénero.
- 2021. Escola Aventureira. Curso: A educación non formal con lentes violetas Ed. 3.
- 2021. Femxa, Autónomos Dixitais. Fundamentos para a creación dun proxecto de comercio electrónico.
- 2021. Escola Aventureira. Curso de Monitora de Tempo Libre.
- 2020-2021. Escola 35 milímetros. Dobraxa Audiovisual.
- 2020. Universidade de Santiago de Compostela. Posgrao de perfeccionamento de dobraxe audiovisual.
- 2019. Sala 303. Curso de interpretación fronte á cámara.
- 2019. Escola Soundub formación. Curso de dobraxe.
- 2015-2019. ESAD de Galicia, Vigo. Título Superior en Arte Dramática, especialidade Interpretación Textual.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2022. Convocatoria como actriz de dobraxe en Cinema Iberolusa.
- 2021. Intérprete no espectáculo propio *Cantos de serea*. Fortaleza de San Paio de Narla, Rede Museística de Lugo.
- 2021. Conferencia sobre Perspectiva de Xénero no Audiovisual. Biblioteca pública de Guitiriz.
- 2021. Convocatoria como actriz de voz en Cinemar Films.
- 2021. Grupo Unísono. Teleoperadora.
- 2019. Producción e Co-dirección Ourense Vive, 2º premio Fas Muvis OUFF 2019.
- 2019. Chiringuito do Prado, Nigrán. Camarera.

Son actriz profesional, egresada da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Formei-me como actriz de dobraxe e dende cativa estudei música, pasando por diversos instrumentos musicais como o piano, a guitarra, o acordeón e o saxofón. Sempre estou interesada en aprender cousas novas, en especial, se teñen relación coa arte e a cultura.

 @ainhoa_actriz

Entroidallo



Buscando receitas para presentarme a Xuventude Crea, investigando... deime conta de que un dos pratos máis típicos do Entroido, as orellas, non tiña unha versión salgada. Por iso pensei que merecía unha versión salgada e, tras moito pensalo, optei polo pan de allo. O pan de allo é un aperitivo perfecto, coa forma e a textura das orellas de Entroido.

A receita resultou ser sinxela e decidín propor tres sabores para acompañar: a xema de ovo, simple e familiar; o tomate picado con sal, aceite e alfabaca, para amosar un contraste de frescor fronte ao sabor do allo; e un revoltó de sendeiríñas con allo e perexil, para resaltar e reforzar o sabor do allo xunto a un dos cogomelos máis descoñecido e máis abundante dos nosos campos.



Creación de videoxogos

PERSOAS PREMIADAS

1º Premio	Hopeless Productions
2º Premio	Team Valico
3º Premio	Os Fados

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

Vogais

Luz Castro Pena

Antonio José Seoane Nolasco

Pablo Grandío Portabales

Félix Menéndez Naveiras

Secretaria

Pilar Tamerón Montesinos



1º PREMIO

Hopeless Productions

Manuel Silva Díaz, Santa Cruz, Oleiros
Pedro Peteiro Patiño, Santa Cruz, Oleiros

FORMACIÓN ACADÉMICA

2015-2019. Grao en Comunicación Audiovisual na Universidade da Coruña.

2020. Mestrado en Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos na Universidade da Coruña.

Somos Manuel Silva Díaz e Pedro Peteiro Patiño. Aínda que vivimos a uns poucos metros de distancia, coñecémonos no grao en Comunicación Audiovisual da Universidade da Coruña. Dado que a ambos os dous nos gustan os videoxogos, comezamos a coincidir nalgunhas materias optativas e a facer traballos xuntos. Deste xeito, decidimos colaborar para facer un videoxogo como traballo de fin de grao. Así é como naceu *Misery*.

Actualmente, cursamos o máster en Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos, ao mesmo tempo que buscamos introducirnos nesta industria con tanto futuro.

 www.pedropeteiro.wordpress.com

Misery



Trátase dun videoxogo en 3D que mestura as mecánicas das aventuras gráficas coa estética do cinema negro clásico. A trama desenvólvese nunha pequena vila á que un detective regresa para investigar un caso relacionado co seu pasado.



2º PREMIO

Team Valico

Iván Fernández López, Vigo
Luis David Lobo Pérez, Culleredo

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2016-2020. Iván e Luis estudaron Comunicación Audiovisual na Universidade da Coruña.

2020-2022. Iván comezou a estudar o Mestrado de Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos na Universidade da Coruña.

2021-2022. Luis comezou a estudar un Mestrado superior en Animación 2D en Lightbox AcademyS.

Somos Iván Fernández López e Luis Lobo Pérez, un par de amigos que nos coñecemos cando entramos na universidade. Entre outras moitas cousas, uniunos que temos o mesmo sentido do humor e a mesma paixón polos videoxogos. Somos moi fans do audiovisual en xeral.

 ivanfernandezvg.wordpress.com

Valico: the grim world



É un xogo de acción e aventuras en terceira dimensión ambientado nun mundo céltico-galaico. No xogo encarnamos a Cassidy, un orfo criado por un clan de meigas da súa vila, que se verá obrigado a saír da vila que o viu nacer para buscar unha cura á enfermidade da que se contagiou o seu mellor amigo e que ameaza con destruír a terra enteira de Valico.



3º PREMIO

Os fados

Alba Paz Piñeiro, Cambados
Alison Dieste Silva, Boiro

FORMACIÓN ACADÉMICA

2016-2020. Alba e Alison estudaron Comunicación Audiovisual na UDC.

Somos Alba Paz Piñeiro e Alison Dieste Silva. Coñecémonos estudando Comunicación Audiovisual na UDC, en 2016. Alí traballamos xuntas en distintos proxectos relacionados cos videoxogos, ademais de sumarnos á asociación MOLAB (Monkey Laboratory), onde compartimos espazo con compañeiros co mesmo obxectivo ca nós: facer da súa paixón, os videoxogos, a súa profesión. Hoxe en día, ambas as dúas continuamos a formarnos neste ámbito, unha en Madrid e a outra na Coruña.

Underworld



O Oráculo de Delfos desvela unha profecía sobre o xove Dante, o que pon a Hades, o mesmísimo deus do Inframundo, na súa contra. Dante é un orfo que foi rescatado e criado polos habitantes dunha pequena aldea grega á beira do río Eurotas. Cando unha misteriosa muller encarpuchada rapta o xamán da súa aldea, condenando os seus habitantes á perdición, Dante embárcase nunha viaxe por perigosos lugares no seu camiño aos infernos sen coñecer as ameazas que o axexa ao gañar o resentimento dun dos tres grandes deuses.

Underworld xorde do gusto en común pola mitoloxía grega e de *A divina comedia* de Dante Alighieri. Nós fixemos a nosa propia mestura na que o protagonista —Dante— ten que descender ata os infernos para rescatar o xamán da súa aldea e facerlle fronte a Hades mentres descobre a verdade do seu pasado.



Danza moderna

PERSOAS PREMIADAS

1º Premio	Celina Mauricio Damas
2º Premio compartido	Cristais
2º Premio compartido	Llui Castro Vilches
3º Premio compartido	Macorinos
3º Premio compartido	Grow as Ohana

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

Vogais

Raquel González García

Armando Martín Caballero


Mercedes Suárez Rodríguez

Olga Cristina Ruíz López

Bárbara Piñeiro Vidal

Secretaría

Carmen Pereiras Pérez



1º PREMIO

Celina Mauricio Damas

Tui

FORMACIÓN ACADÉMICA

2005-2020. Formación en Paula Cobián Escola de Danza, Tui.

2020-2021. Formación na especialidade de danza contemporánea no Conservatorio Profesional de Danza de Lugo.

2021-Actualidade. Formación en 180º Escuela de Danza, Madrid.

A danza forma parte da miña identidade. Aos tres anos comecei a bailar nunha escola e chegou un momento na miña vida no que xa non concibía o meu día a día sen bailar. Un dos meus grandes soños é visitar o mundo enteiro bailando. Pero tamén me gustaría transmitirlles a miña paixón ás nenas e nenos máis pequenos, por iso estou estudando o dobre grao de Educación Infantil e Primaria. Podemos dicir que son un proxecto de docente e bailarina.

 @celi28md

 Celina Mauricio Damas

Siete pecados



Con esta coreografía, que creei no verán de 2021 mentres facía un curso intensivo de danza en Berlín, quero representar os sete pecados capitais —soberbia, avaricia, luxuria, ira, gula, envexa e preguiza— e o atados que estamos os seres humanos a eles; xa que, ao mesmo tempo, estes pecados son praceres da vida. Moitas veces sentimos ira, gula, envexa... e queremos manifestar ese sentimento con liberdade. Non obstante, a culpa volve cada vez que algún destes sentimentos sae á luz e

provoca a súa represión. Pero, a quen non lle gusta comer doces ou ter fantasías sexuais? A idea dos pecados serve para que as persoas fagamos o ben e busquemos o equilibrio na nosa conduta para poder ir a un hipotético ceo.

Penso que a idea dos pecados condiciona a nosa forma de sentir: buscamos a perfección mediante o equilibrio, sendo nós, os seres humanos, imperfectos.



2º PREMIO COMPARTIDO

Cristais

Laura Sánchez Viqueira, A Coruña
Sara Sanz Fonta, A Coruña

FORMACIÓN ACADÉMICA

2011-Actualidade. Formación no Conservatorio Profesional de Danza da Coruña.

Somos Laura Sánchez Viqueira e Sara Sanz Fonta, levamos bailando xuntas dende que temos uso de razón, crecendo a raíz desta arte tan fermosa que temos o gusto de compartir. Cando decidimos presentarnos ao Xuventude Crea con esta peza, o noso obxectivo foi plasmar todos os sentimentos, a dedicación e a complicidade que a danza supón. Para nós, bailar xuntas é como estar ao outro lado do paraíso, coa música a todo volume, sorríndolle á vida.

The other side of paradise



The other side of paradise presenta a nosa historia a través da danza, o noso eterno nexo de unión. Con esta coreografía pretendemos amosar un anaquiño da nosa amizade mediante os pasos, as miradas e o alarde e gozo desa conexión tan xenuína que só o baile é capaz de regalarnos. Desta maneira, queremos

mostrar eses momentos vividos de axuda mutua, complementación, apoio incondicional; pero tamén o medo á separación e ao distanciamento, á marcha inminente que ten como consecuencia o futuro próximo.



2º PREMIO COMPARTIDO

Llui Castro Vilches

Vigo

FORMACIÓN ACADÉMICA

2021-22. Actualidade. IES Alexandre Bóveda (Vigo, Pontevedra).
Bacharelato artístico.

2017-2018 – 2020-2021. IES Santo Tomé de Freixeiro (Vigo,
Pontevedra). ESO.

2011-2012- 2016-2017. CEIP Seis Do Nadal (Vigo, Pontevedra).
Educación Primaria.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2011-2018. Ximnasia rítmica no Club Maniotas (Vigo, Pontevedra).

2019-2020. Danza Contemporánea e Ballet Clásico no Conservatorio
Coppelia (Vigo, Pontevedra).

2020-2021. Danza moderna e Danza Contemporánea e Danza Urbana
no centro de danza Ballerina Centro de Danza (Vigo, Pontevedra).

2021-Actualidade. Hip- Hop e Waacking na Formación Feeling.

2021-Actualidade. Adestradora de ximnasia rítmica no Club Maniotas
(Vigo, Pontevedra).

Teño 17 anos e son de Vigo. Estudo bacharelato artístico. Fixen ximnasia rítmica durante sete anos, e durante catro anos dediqueime a diferentes disciplinas de baile. Son autodidacta en danza contemporánea. Amais de en Xuventude Crea, participei no concurso de baile Vigo Porté (6º posto). Tamén son profesora de ximnasia rítmica. Aspiro a dedicarme ao baile e á danza profesionalmente.

 @lluiwaratchaya_

 @Llui Waratchaya

 Llui Waratchaya

Impulsive



Nesta coreografía utilizo o concepto de impulso que lle deu orixe ao nome. É unha obra de danza contemporánea onde aplíco técnicas diversas. Xurdiu dun xeito natural cando estabamos confinados, cando sentín que estaba atrapada, que necesitaba ese impulso.

Chamei o meu profesor para que me axudase a deseñala, porque eu quería facer algo contemporáneo. A partir de aí, todos os días improvisaba coa música e gravaba; compartía co meu

profesor, el facía correccións e, así, xuntos, démoslle forma á coreografía final.

Foi todo un reto crear unha coreografía tan expansiva no espazo reducido da miña casa, pero o esforzo pagou a pena.

Vídeo da coreografía

<https://www.youtube.com/watch?v=HMy881AD2wo>



3º PREMIO COMPARTIDO

Grow as Ohana

Carla Cabrera Alonso, Nigrán
 Nerea Suárez Fernández, Vigo
 Julián Pérez Pascual, Vigo
 Paula Pico Comesaña, Vigo
 Lucía Núñez López, Vigo
 Daniel Suárez Fernández, Vigo

Bruno Orosa Aldrey, Vigo
 Sofía Abreu Amor, Vigo
 Elisabeth Minayo Gutiérrez, Vigo
 Emma Rodríguez Pereira, Vigo
 Izzan Tojeiro Pérez, Vigo

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- Marzo 2018. Competición no evento *Go hard or go home* en Nottingham (Inglaterra), do que saímos cun 3º posto.
- 2018. 4º posto na competición de Portugal *Porto World Battle*.
- 2018. 2º posto na competición *Marín Hip Hop Weekend* en Marín.
- Xullo 2018. 1º posto na competición *Faro Urbano* en Valladolid.
- 2018. Algúns presentámonos á battle *Shake what you got* de freestyle na que Dani gaña a final coa súa compañeira doutro grupo na categoría de hip hop, Julián queda semifinalista na categoría all styles e Lucía e Nerea chegaron ás semifinais en hip hop.
- 2018. Presentámonos á competición *Switch On* en Madrid na que gañamos o premio a mellor vestuario na nosa categoría.
- 2018. Ao longo deste ano destacamos as seguintes formacións: con Kieran Jam no estilo litefeet e con Buddah Stretch en hip hop (é un dos pioneiros deste estilo a nivel mundial).
- 2019. 1º posto na competición *Marín Hip Hop Weekend* en Marín.
- 2019. 3º posto no Campionato Galego que se celebrou na Cañiza.
- 2019. 2º posto no trofeo da Cañiza, puntuable para o campionato de España.
- 2019. 1º posto no *Trofeo cidade de Vigo* en Vigo.
- 2019. 1º posto na competición de Tui que clasificaba aos 5 primeiros para ir ao campionato mundial do UDO.
- 2019. 5º posto na competición *Switch On* en Madrid.
- 2019. 3º posto no Campionato de España en Guadalajara.
- 2019. 2º posto na competición *Faro Urbano* en Valladolid.
- 2019. No campionato do mundo Emma quedou na segunda posición na categoría de solos Under 18 Intermediate; Lucía chegou á final das battles de hip hop da categoría Over 18; e Dani coa súa parella proclamouse campión do mundo na categoría Over 18 Intermediate.

Somos un grupo de hip hop creado en 2013. O noso traballo xira arredor do *freestyle* e a coreografía, facendo e aportando todo nós mesmos-as, posto que non temos unha persoa que nos adestre. Temos como obxectivo medrar como persoas e bailaríns nutríndonos da cultura hip-hop. Para iso, formámonos continuamente a través de clases de distintos estilos e imos competir a diferentes comunidades e países onde tamén aprendemos. Por isto, queremos volver a todas as competicións e *battles*, temos moitas ganas.

- 2019. Algúns de nós participamos na batalla *Porriño Street Festival* e Lucía e Nerea chegaron á final de hip hop por parellas.
- 2020. 1º posto no *Trofeo Cidade de Vigo* en Vigo.
- 2020. Participamos na competición *February Fitness León* en León con máis de 25 grupos na nosa categoría.
- 2020. Presentámonos ao mundial na modalidade en liña do UDO e proclamámonos campións na categoría Over 18 Intermediate.
- 2021. Asistimos a outra entrega de *Marín Atlantic Open* na que quedamos en 1º posto e clasificámonos para o campionato de España.
- 2021. Asistimos ao campionato *Switch On* en Madrid.
- 2021. 1º posto no campionato de España.

 [grow_as_ohana](#)


 [growasohana28](#)

Mantendo a esencia



Con esta coreografía queremos mostrar a esencia do hip hop a través do movement do noso corpo. Para completar o concepto, empregamos unha montaxe musical con diferentes cancións do estilo propio que representan a cultura e as súas vertentes. En relación coa vestimenta, tamén queremos representar e mostrar as raíces da cultura.

Con todo isto, queremos que as persoas descubran e coñezan un pouco máis do tipo de baile e da cultura na que estamos inmersos e inmersas no noso día a día.



3º PREMIO COMPARTIDO

Macorinos

Pablo García Lagoa, A Coruña
 Ángela Pérez López, A Coruña

Somos Ángela Pérez López e Pablo García Lagoa, formados no Conservatorio Profesional de Danza da Coruña e, posteriormente, en diferentes cursos impartidos por grandes profesionais da danza.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2013-2021. Pablo García Lagoa formouse no Conservatorio Profesional de Danza da Coruña. Ao longo da súa formación recibiu varios cursos con profesores e coreógrafos coma Gonzalo Zaragoza ata Sharon Fridman.

2008-2018. Ángela Pérez López formouse no Conservatorio Profesional de Danza da Coruña e en varios cursos con distintos profesores como Víctor Ullate.

Xullo 2019-Decembro 2019. Pablo García Lagoa estivo no programa de danza internacional Ruth Page Summer Intensive en Chicago, onde recibiu clase con personalidades coma Ramona de Saa.

Neste ano, estreouse coma coreógrafo coa peza *Sounds on the Wall* no teatro Rosalía de Castro para o programa Comunidades en Movemento.

2016. Participación como corpo de baile no ballet de Don Quixote con Ballet Norte.

Manos perdidas



Manos perdidas trata sobre o período final nunha relación chea de toxicidade, na que dúas persoas loitan por separarse a pesar das súas complicacións e dos seus desexos de permanecer xuntas. A peza desenvólvese principalmente nun diálogo de dous no que predomina a linguaxe corporal conxunta por medio dunha conexión do movemento en parella.

A obra quiere reflectir de xeito simbólico momentos finais dunha parella con coñecemento da fin do seu amor, mantendo a vontade de encontrar en pequenos instantes algún recordo que conserve a súa paixón amorosa.



DESEÑO DE XOIAS

PERSOAS PREMIADAS

1º Premio	Julián Rivas Pintos
2º Premio	Laura Formoso Caamaño
3º Premio	Inés Cortizas Vázquez

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

Vogais

María Noelia Peña Pérez


José María Mayer Segade

Miguel Rodríguez Bertojo

Elena Fabeiro Castro

Secretaria

M.ª Pilar Lorenzo Vilar



1º PREMIO

Julián Rivas Pintos

Santiago de Compostela

FORMACIÓN ACADÉMICA

2014-2016. Ciclo superior en Actividades Físicas e Deportivas.

2019-2021. Ciclo superior en Xoiaría Artística.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

03-2021-04-2021. Prácticas en taller industrial de xoiaría.

01-2019-Actualidade. Encargas dalgunhas xoias e reparacións.

Nacín en Compostela no seo dunha familia de artesáns. Dende ben pequeno, fun testemuña do labor do meu avó, mestre de talla de acibeche e marfil na Escola de Artes e Oficios Mestre Mateo, e do traballo de ourive do meu pai, os cales traballaban conxuntamente no taller da tenda. Hoxe en día, e tras formarme como xoieiro, continúo co oficio familiar traballando con agarimo a prata e o acibeche, pero dándolle un punto de vista máis contemporáneo.


Eles



Eles xorde da necesidade de explorar distintos campos artísticos coa finalidade de integralos na xoiería. A súa xénese constitúese polo deseño e a elección dos materiais usados. A inspiración do deseño xira arredor das estruturas arquitectónicas modernas, maioritariamente do cubismo e do neoplasticismo. En canto aos materiais, prata e acibeche, ademais dun grande

arraigo na nosa cultura, fan un forte contraste de cor e marca así as liñas xeométricas do deseño.

Sen renegar das técnicas e materiais tradicionais, *Eles* son concebidos cun deseño contemporáneo nun intento de mesturar a herdanza dos nosos devanceiros co zume novo da nosa realidade.



2º PREMIO

Laura Formoso Caamaño

Santiago de Compostela

FORMACIÓN ACADÉMICA

2012-2017. Universidade de Santiago de Compostela. Grao en Historia da Arte.

2019-2021. Ciclo superior en Xoiaría Artística.

EXPERIENCIA PROFESIONAL


2021. Marzo/abril. Prácticas en taller de reparación de xoiaría.

Outubro 2021-actualidade. Traballo en taller de ourivería, no posto de soldar.

Son graduada en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela. Dende ese momento o meu interese pola arte derivou na artesanía e en oficios manuais. O meu primeiro contacto neste ámbito foi a través da costura e da patronaxe, e hoxe en día centro a miña actividade laboral na xoiaría tras cursar o ciclo de Xoiaría Artística na Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo.



A túa nova casa



Para un mesmo, a casa pode ser unha persoa ou espazo determinados, un estado anímico, unha sensación ou un conxunto de circunstancias. Estes lugares correspóndense ou atribúense a algo que hai no noso interior, a experiencia dun núcleo vital que nos ata e á vez nos libera, de descanso tras o esforzo, de ser completamente un mesmo. A falta da casa asóciase co desamparo, a inestabilidade e unha morriña crónica.

A túa nova casa mostra un forte simbolismo e o amor polas pequenas cousas, o íntimo e o cotián a través de formas sinxelas e claras.



FORMACIÓN ACADÉMICA

2017-2021. Ciclo Superior Xoiaría Artística.

3º PREMIO

Inés Cortizas Vázquez

Betanzos

Rematei de estudar xoiaría logo de facer cursos relacionados coa moda. Gústame todo o relacionado co deseño e as artes, o traballo co metal foi un verdadeiro descubrimento e teño interese en continuar formándome noutras disciplinas no ámbito teórico e práctico e facer das miñas paixóns o meu traballo.

 @inescortizas

Kukú



Esta colección trata de unificar as técnicas e materiais tradicionais de xoiería co deseño contemporáneo, poñendo a vista no pasado, presente e futuro. Fai unha retrospectiva histórica das crises sociais, modas e economía ata a actualidade, na que chegamos ao punto dos excesos, da confusión e disgregación da especie, onde a estética é a primeira impresión que achegamos como individuo e marca como imos ser percibidas e, por conseguinte, tratadas.

Xa non contan as xerarquías e clases sociais que serviron durante séculos para marcar as distincións. Entón que marca a

diferenza de aceptación? Somos percibidas externamente da mesma forma que nos percibimos individualmente? A resposta é negativa, quizais sexa pola pouca atención que poñemos en nós mesmas e na hiperatención que poñemos no exterior. Entón, onde poñer o foco, no interior ou no exterior? Esta colección pon o foco en ambos os lados, no exterior temos a estética, a aparencia, o deseño. No interior temos os filtros, as barreiras, a escuridade e o oculto. Inspírase nas correntes Dieselpunk e Ciberpunk, que reflicten visións distópicas do futuro. Fíltrase a visión, a fala e a escoita, poñendo o foco no interior sen chegar á introspección total do individuo.



FOTOGRAFÍA

PERSOAS PREMIADAS

1º Premio

Andrés Seara

2º Premio compartido

Adrián Vázquez Rodríguez

2º Premio compartido

Rocío Campoy Lage

3º Premio compartido

Claudia Valentina Feijóo Díaz

3º Premio compartido

Hadrián Márquez

Mención de honra

David García Villaverde

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

Vogais

Xoán Arias Soler

Xoán Álvarez Rey


Emilio Lavandeira Villar

Fernando Blanco Rajo

Sandra Alonso Suárez

Secretaría

M.^a Belén Pardal García



1º PREMIO

Andrés Seara

Vigo

FORMACIÓN ACADÉMICA

2008-2010. Bacharelato de letras puras.

2010-2014. Estudos Superiores en Arte Dramática, especialidade de Interpretación, pola ESAD de Galicia.

2016-2017. MA Filmmaking-Screenwriting, pola Metfilm School e a University of West London. Reino Unido. (Mestrado en escritura de guión para cine e televisión).

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2019. Guionista de TV na serie *Élite* (Temporada 3, capítulo 6-Coescrito con Carlos C. Tomé), producida por Zeta Ficción para Netflix.


2019. Guionista de TV na serie *El desorden que dejas* (Temporada 1, capítulo 6-Coescrito con Carlos Montero), producida por Vaca Films para Netflix.

2021. Director e guionista da curtametraxe *Quemados*, estreada no OUFF en Curto 2021.

Para min, a edición fotográfica —a creación dixital, máis ben—, que é o que eu fago, é case un xeito de meditación. Disparo fotografías, certo, pero as fotos orixinais nunca as considero resultado de nada, senón material bruto para un posterior proceso creativo. Concentrarme nese proceso é un xeito de abstraerme para encontrarme a min mesmo. *Spectra*, por exemplo, naceu como un mero exercicio técnico co que, sen buscalo especificamente, encontrei a calma para as miñas inquedanzas existencialistas. A obra absorbeu isto e penso que o transmite. Alégame compartilo.

 @andresseara

Spectra




Cunha estética futurista próxima ao surrealismo onírico e referentes do cinema de ciencia ficción, *Spectra* mostra unha figura humana achegándose á persoa espectadora dende un lugar abstracto. Esta emerxe á nosa realidade a través dunha atmosfera densa, de límites precisos e definidos; unha substancia translúcida que non pode ser definida como líquida, nin como sólida, nin como gasosa.

Desta maneira, a imaxe pretende facernos reflexionar sobre a posibilidade de conexión entre realidades que coexisten super-

postas pero inconexas. Unha metáfora que representa ese momento de entendemento, de recoñecemento entre persoas que aparentemente nada teñen en común. Elas, como espectros procedentes de dimensións percibidas como distantes e irreais, materialízanse nas nosas vidas, permitíndonos humanízalas.

Así, universos diverxentes entran en contacto. Uns mundos interfíren noutros, mudando as súas realidades de maneira irreversible.



2º PREMIO COMPARTIDO

Adrián Vázquez Rodríguez

Lugo

FORMACIÓN ACADÉMICA

Formación fotográfica de carácter autodidacta.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2018-2021. Fotógrafo para o diario cultural Viva Lugo.

2020. Fotógrafo para El Progreso.

2020-Actualidade. Fotógrafo freelance.

A linguaxe fotográfica relacionada coa socioloxía é a base de todo o meu traballo. O eixe central de toda a miña produción fotográfica de carácter documental é ofrecer unha visión sociolóxica da realidade na que vivo. Para acadar ese fin, durante os últimos cinco anos fixen e estou a facer proxectos de fotografía documental e multimedia por todo o territorio e que tratan diversas temáticas. Este traballo que veño facendo dende entón conta con recoñecemento por parte das institucións públicas, dos medios e da sociedade. Alterno a miña colaboración con diversos medios. É o meu traballo máis persoal, o que conta co recoñecemento por parte dos medios que van dende os de ámbito local a nacional.

 @adrapallon


Diversas



Diversas mostra as diferentes realidades do día a día das persoas con discapacidade. Neste proxecto documentáronse distintos casos, en canto á idade e posición social; dende o día a día dunha persoa sen fogar ata o día a día dun medallista paralímpico.

O último estudo estatístico en vigor do INE, que data de 2007, indica que en España hai 3,8 millóns de persoas con diversida-

de funcional. Daquela representaba case o 9 % da poboación española. O país está lonxe de ser accesible e adaptable. Son innumerables os problemas aos que se enfrenta cada día esta porcentaxe da poboación e a súa contorna.



2º PREMIO COMPARTIDO

Rocío Campoy Lage

Vigo

FORMACIÓN ACADÉMICA

2018-2020. IES Politécnico de Vigo. Bacharelato artístico.

2020-Actualidade. Universidade de Vigo, Pontevedra. Grao en Belas Artes, 2º curso.

Son unha persoa á que lle custa transmitir mensaxes a través das palabras. A arte é o método comunicativo polo cal sinto que teño unha gran capacidade expresiva e a mensaxe chega. A través dela podo berrar e apoderarme cando as palabras non son suficientes, dalgún xeito terapéutica.

 <https://gennstudio.vsble.me/home146>

 <https://compiled.social/GennStudio>


Berros



Esta *performance* trata de reflectir certos síntomas que sofre unha persoa con trastorno de ansiedade social cando se expón a interaccións sociais. Fixen isto materializándoos con pintura. Elixín as ganas de chorar e pinteí a cara simulando bágoas. Tamén seleí a miña boca, dado que, por moito que se queira falar, as palabras non saen. E, finalmente, os nós na gorxa a través dun estrangulamento de pintura, a asfixia, a presión. Todas

estas accións inflíxomas a min mesma tendo en conta que estes síntomas son, pola súa vez, provocados pola propia mente do individuo.

Por último, quero destacar a elección do branco e negro, posto que lles confire dramatismo ás imaxes e son precisamente a angustia e a impotencia as protagonistas desta situación.



3º PREMIO COMPARTIDO

Claudia Valentina Feijóo Díaz

A Coruña

FORMACIÓN ACADÉMICA

2014-2019. Universidade da Coruña. Grao en Comunicación Audiovisual.

2019-2021. EASD Pablo Picasso, A Coruña. Ciclo en fotografía artística e deseño.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2018 marzo-abril. Gabi Gago Fotógrafo. Prácticas de iluminación fotográfica, edición e videografía.

2019-2021. Raúl DoCasar. Asistente de fotografía.

2021 abril-xuño. Habelas Hainas. Prácticas no departamento creativo e fotográfico.

A fotografía sempre estivo presente na miña vida. Primeiro como forma de achegarme ao pasado familiar e logo como unha maneira de capturar as miñas propias vivencias. Aínda así, non foi ata entrar no grao de Comunicación Audiovisual cando puiden experimentar as posibilidades creativas desta arte. A pesar de que comecei no retrato, xénero co que aínda traballo, neste momento atópome nunha etapa de reflexión, xogando coas técnicas analóxicas e outros xéneros como o bodegón ou a fotografía de autor.

 @claudia_valentina

Mares doutros



Con *Mares doutros* fago unha denuncia da contaminación dos mares e océanos poñendo o foco na especie humana como a causa principal desta problemática que está a producir a extinción de ecosistemas enteiros.

Nesta secuencia de imaxes, mostro a nosa realidade actual como especie: seres cada vez máis individualistas, incapaces de saír dunha burbulla de autocompracencia e indolencia ante as problemáticas das que somos directamente responsables e que tamén afectan á nosa futura presenza na Terra.

Desta maneira, a volta de 360 graos representa ese egocentrismo que pouco a pouco, e sen darnos conta, nos vai afogando ata desaparecer.



3º PREMIO COMPARTIDO

Hadrián Márquez

A Coruña

FORMACIÓN ACADÉMICA

2012-2014. Escola Imaxe e Son na Coruña. Ciclo superior en Iluminación, captación e tratamento da imaxe.

2014-2018. URJC, Madrid. Grao en Deseño integral e xestión da imaxe.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2018-2021. Cousas Fotografía. Fotógrafo de eventos sociais.

2018-2021. Factoría Nini, Fotografía e vídeo.

Son un fotógrafo coruñés con formación en fotografía e deseño. Dende hai 10 anos compaxino traballos como fotógrafo profesional con outros proxectos de carácter persoal. A miña obra, abordada principalmente dende o ensaio documental, foi recoñecida en diversos premios e exposta en diferentes salas do ámbito nacional.

 www.hadrianmarquez.com

 [@hadrianmarquez](https://www.instagram.com/hadrianmarquez)


Pare



Pare é unha serie de fotografías analóxicas de medio formato das ruínas do que no seu día foi unha estación de autobuses, agora abandonada. Fotografar estes lugares significa revelar unha realidade que estaba aí, invisibilizada. Unha realidade composta esencialmente por lixo, por elementos que volven a nós, expostos nunha galería, manifestando unha pavorosa ruptura da lóxica da funcionalidade. Son as fotografías do que xa non vale para nada, pero que continúa aí, insistente, reingresada no reino da natureza. Somos testemuñas, aquí, do que os psicanalistas deron en chamar a inercia do real; en palabras de Žižek: «esa muda presenza máis aló do significado».

De súpeto, sentimos esta inercia, a monotonía do tempo, a súa densidade. A visualización destas imaxes pretende ser o que M. Fisher describe como unha irrupción do real lacaniano, soamente posible a través de fracturas e inconsistencias no campo da realidade aparente: «unha estratexia contra o realismo capitalista podería ser a invocación do real que subxace á realidade que o capitalismo nos presenta».

Pare e observe o que hai máis aló do significado.



MENCIÓN DE HONRA

David García Villaverde

A Coruña

FORMACIÓN ACADÉMICA

2010-2015. Grao en Farmacia, Universidade de Santiago de Compostela.

2020-2021. Autodidacta fotografía.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2016-2017. Oficina de farmacia en Vimianzo.

2017-2018. Oficina de farmacia en Meicende.

2018-2021. Oficina de farmacia en Teixeiro.

Chámome David e comecei a interesarme nisto da fotografía hai uns anos, polo 2016, aínda que comecei a miralo en profundidade no confinamento e dende entón intento saír a facer algunha fotografía principalmente de paisaxe cando o meu traballo mo permite.

O patio do monxe



Na fotografía de paisaxe tes que ter a metereoloxía moi en conta e non é precisamente unha ciencia exacta, tes que arriscar e ir ao sitio sen saber moi ben que condicións lumínicas vas atopar. Vas cunha idea na cabeza, pero pode cambiar en cuestión de segundos cando cambian de repente as condicións climatolóxicas.

Neste caso a foto tomouse na ermida de Santa Comba, un lugar cheo de praias e acantilados de beleza galaica. Cando cheguei, estaba o ceo completamente cuberto e, pasado un tempo,

viendo que as nubes non parecían dar tregua, decidín marchar. Cando estaba de camiño no coche, comezou a prender o ceo de cores. Nese momento sabía que tiña pouco, moi pouco tempo para pensar unha composición que me gustase con estas novas cores maxentas do ceo.

Ese día aprendín que na fotografía, como na vida, cómpre ter paciencia e ir paseniño, como os monxes da pequena ermida noutro tempo.



GRAFFITI

PERSOAS PREMIADAS

1º Premio	Miguel Aurelio Cajaraville Mosquera
2º Premio	Alva Vidal Capón
3º Premio	Daniel Fernández Vargas
Mención de honra	Andrea Otero Vázquez

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

Vogais

Amabel González Troncoso

Alba Castillo Costa


Silvia Rodríguez Pena (Sax)

Diego Anido Seijas

Alonso Antonio de la Cantera Álvarez

Secretaría

M.^a Belén Pardal García



1º PREMIO

Miguel Aurelio Cajaraville Mosquera

Baiona

FORMACIÓN ACADÉMICA

2014-2018 UVigo. Pontevedra. Licenciado en Belas Artes

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2015. Xuventude Crea. Santiago de Compostela. Finalista modalidade de Graffiti.

2016. Xuventude Crea. Santiago de Compostela. Finalista modalidade de Graffiti.

2017. Xuventude Crea. Santiago de Compostela. 3º Clasificado modalidade de Graffiti.

O Marisquiño. Vigo. Finalista I Concurso No Hate. Museo Etnográfico Liste. Vigo. Decoración Mural.

2019. Proxecto Ewa. Vigo. 2º Clasificado I Concurso Batalla Mural. C.P.I. Cova Terreña. Baiona. Decoración Mural Exterior. Museo Etnográfico Liste. Vigo. Decoración Mural Interior. XIX O Marisquiño. Vigo. Exhibición Graffiti. VICC (Vigo Cidade de Cor). Vigo. Muralista. Xuventude Crea. Santiago de Compostela. 1º Clasificado modalidade de Graffiti. I Batalla de Galos Chapela. Chapela, Redondela. Muralista. Muros que Unen Edición II. A Coruña. Muralista.

2020. I Batalla de Galos Redondela. Redondela. Muralista. Proxecto Ewa. Vigo. 1º Clasificado II Concurso Batalla Mural. Baiona Conquerors American Football. Deseñador Gráfico.

2021. Vigo Cidade de Cor. Vigo. Muralista.

Tras varios anos pintando, a carreira de Belas Artes e diversas vivencias, sego sen saber definir con exactitude que é o que fago. Non me gusta definir-me como artista, xa que inda que coñeza as bases propias como debuxar ou pintar, non todos os valores e ideas que a arte transmite son os que me representan. Máis ben un coñecedor da técnica ou un artesán é como podería nomearme, o cal forma parte dunha cultura popular como é o Hip Hop, que ten coma base principal o respecto.


 @hon3y_pv

Bo camiño



Sendo este ano Xacobeo, tentei representar un peregrino, con xesto cansado pola súa viaxe, mais feliz pola beleza desta. Ademais, axustándome ao marco do concurso, realicei unha caligrafía propia da técnica, onde se pode ler o meu pseudónimo.

En canto ás cores, tratei de buscar unha gama un tanto apagada, para que semelle unha ilustración ou gravado, e quíxeno combinar coas cores representativas do camiño (azul e amarela) e as cores rechamantes propias do graffiti.



2º PREMIO

Alva Vidal Capón

Tui

FORMACIÓN ACADÉMICA

2016-2022. Universitat Oberta de Catalunya, Grao en Interacción Dixital e Multimedia.

2011-2014. Zona5 EDAF-Composición e Estética.

2010-2013. ES Sidónio Pais, Ensino Secundario en Artes Visuais (Portugal).

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2020-2021. Innovation and Human Rights. Interacción Dixital e Visualización de Datos.

2017-2019. Divina Teresa, Head of Design.

Combinado cos estudos na área da enxeñería, defino o meu rexistro no estudo multidisciplinar do retrato no espazo e da interacción como dimensión aplicada á arte. No imaxinario, sempre o interior, a memoria, a herdanza e a oniria.

 www.behance.net/cianopsia

As dúas en punto



Fala da riqueza do excéntrico, do maximalista, da irreverencia estética como irreverencia á autoridade en contextos opresivos. Maruxa e Coralia son dúas mulleres vistas, fotografadas e tocadas por milleiros de persoas todos os días na Alameda de Santiago, e mesmo sendo parte dunha fermosísima e icónica obra, o seu carácter estático fainas parte da paisaxe aos ollos de quen as ve todos os días. A obra intenta conectar con elas como creadoras activas da realidade que as rodea, intenta ser unha xanela a como mulleres vangardistas como elas non só fican na historia polas cores que usaban, senón pola plasticidade que tecían en todos os recunchos da súa existencia, pois máis brillante era canto máis escuros eran os tempos.



3º PREMIO

Daniel Fernández Vargas

Sabarís, Baiona

FORMACIÓN ACADÉMICA

2020-Actualidade. Debuxo, ilustración e tatuaxe de forma autodidacta.

2016-2018. Preimpresión Dixital-Colexio Hogar Vigo.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2018. Deseño Gráfico.

O meu nome é Dani pero pinto como Seek. A miña paixón no graffiti é pintar animais e diferentes motivos relacionados coa natureza. Actualmente sigo tatuando pola miña conta, nunha aprendizaxe continua por chegar a poder tatuar o meu propio estilo.

 @seek.colors

 @Dani Seek

Galaxia animal



Propúxenme facer a obra sobre a contorna das Fragas do Eume, porque nese intre tiña a morriña de volver algún día. Tras unha boa procura de información, dei co corzo. É un animal que me chama a atención e me gustaría volver velo cando repita estancia alí.

Pensei en facer o corzo diante da posta de sol iluminado por detrás porque unha das cousas que me gusta facer é meter cores relacionadas coa contorna, pintando así os animais dunha cor diferente á habitual, substituída por esas cores da contorna. Entón, púxenlle as cores da auga do río, do verde das árbores e unha paisaxe laranxa como eu recordaba cando visitei o lugar. Ademais, engadí parte do que a min me gusta que son as

letras de *wild style* de graffiti. Todo o que comentei vén polo amor á natureza e a morriña de volver a un sitio tan máxico de Galicia.



MENCIÓN DE HONRA

Andrea Otero Vázquez

Ribadavia

Chámanme Andrea e son galega, artista e muller.

FORMACIÓN ACADÉMICA

2015-2019. Universidade de Vigo, Pontevedra, Grao en Belas Artes.

2019-2020. Universidade de Granada, Mestrado en Produción e Investigación Artística.

2021. Santiago de Compostela. Residencias paraíso: Bolsa artística co colectivo RPM na Cidade da Cultura e no Salón Teatro.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2021 (xuño, xullo e agosto). Clases de pintura experimental a grupos interxeracionais no Concello de Carballeda de Avia.

2021-Actualidade. AFundación, Prácticas na área educativa do Café Moderno.

 @malditandrea

37 minutos



37 minutos é unha das representacións artísticas que parte dun xogo coa rede de recordos que formaron a miña identidade. Tras estudar o meu percorrido pictórico, identifico a esencia en común que envolve todo o meu traballo: mamá. Traballando nesta figura como principal referente artístico, emprendo unha viaxe diacrónica, mental, plástica e experimental cara ao auto-coñecemento.



MODA

PERSOAS PREMIADAS

1º Premio

Francisco Basteiro Salgado

2º Premio

Marta Del Río Moldes

3º Premio

Beatriz Chan Costa

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

Vogais

Heriberto Otero González

Belén Correa Corredoira


Patricia García Lema

María de Fátima Díez Platas

Paula Montoto Blanco

Secretario

Santiago Aparicio Fernández



1º PREMIO

Francisco Basteiro Salgado

Verín

FORMACIÓN ACADÉMICA

2018-2021. Formarte – Diseño de moda.

2018-2016. IES Eusebio da Guarda – Xestión de Eventos.

Son Framingo, un novo deseñador que sempre soñou con dedicarse ao mundo moda. Recentemente acabo de comezar un proxecto coa miña compañeira Ana María Vázquez, gañadora do Xuventude Crea 2020 na especialidade de Moda. Xuntos imos unir forzas e comezar un proxecto en común @anamingo.twins, onde imos expresar a nosa propia visión da moda.

 @iamframingo

 @anamingo.twins


Out of this world



O tema da colección xorde a raíz da figura de Neil Amstrong e da viaxe a Lúa. Deste concepto, nace a idea do espazo como elemento inexplorado. Grazas a esta proeza, a humanidade puido poñer un pé na lúa, pero... E se puidésemos explorar máis parte do espazo, con que nos atoparíamos? Deste concepto nace a miña inspiración: un sentimento de continua busca e evolución.

Con esta colección represento como sería a miña propia viaxe e con que me vou atopando no percorrido. A roupa está inspirada

en diferentes elementos relacionados co tema. Por un lado, pezas acolchadas e de materiais técnicos, que nacen arredor dos traxes de astronautas, das naves espaciais... que fan contraste con pezas máis fluídas e vaporosas inspiradas en elementos máis etéreos, como as nebulosas e os planetas. Tamén é moi importante a incorporación de novos materiais, técnicas e diversas manipulacións téxtiles. Iso si, todo baixo altas doses de fantasía.



2º PREMIO

Marta del Río Moldes

Vigo

FORMACIÓN ACADÉMICA

2013-2015. Bacharelato Humanidades, IES Santa Irene (Vigo).

2015-2017. FP Superior Patronaxe e Moda, CIFP Manuel Antonio (Vigo).

2017-2020. Estudos Superiores de Deseño de Moda, Pin Factory (Vigo).

Son unha apaixonada da arte, da moda e do deseño en todas as súas formas. Teño un perfil creativo nos diferentes procesos, dende o máis abstracto ao máis técnico. Son versátil á hora de tratar con diferentes estilos, cunha clara preferencia pola moda conceptual con temáticas de crítica social ou de actualidade. Inquieta, ambiciosa, autodidacta, sempre con ganas de crear e de transmitir. Tímida e discreta, buscando que o traballo e o resultado falen por si sós.

 @martadelri0


 @Marta del Río

Lost



A colección trata de narrar os sentimentos e dificultades ás que se enfrenta no seu día a día unha persoa que padece esta enfermidade coñecida como ansiedade e a proximidade e conexión que ten coa depresión e os seus efectos. *Lost* fai un percorrido por diferentes sintomatoloxías, dende a máis física ata a máis abstracta, pasando pola distorsión da realidade, a angustia, os mareos, a despersonalización, os baleiros, as cargas, as dores, as somatizacións e un longo etcétera. Cada día dáselle máis importancia a este tipo de trastornos da conduta ou enfermidades

mentais, aínda así, queda un longo camiño que percorrer para encontrarlle solución a este problema, tanto poñendo á disposición dos enfermos as terapias e servizos necesarios como sabendo mirar dentro de nós como sociedade e entendendo por que xente cada vez máis nova ten que lidar coas dificultades que isto supón. Terá que ver a inmediatez coa que convivimos? Terá que ver con que normalicemos altos niveis de esixencia e estrés? Terá que ver que, en vez de vivir, intentemos competir? *Lost* é todo isto, un caos cheo de dor e confusión.



3º PREMIO

Beatriz Chan Costa

Pontevedra

FORMACIÓN ACADÉMICA

Universidade de Vigo, Pontevedra. Titulación en Deseño e moda.

2016-2020. ESDEMGA pola Universidade de Vigo.

2016-2020. Academia de corte, confección e patronaxe Susa Suárez.

2016. IES Xunqueira 1, Pontevedra. Bacharelato artístico.

Dende que son capaz de recordar, sempre tiveron un pano de tea e unha agulla na man. Aprendín a coser soa ollando como estaba feita a roupa e tratando de copiar as pezas ou melloralas. Xa dende cedo sabía que a moda era a miña paixón, así que dende entón desenvolvín as miñas habilidades para perfeccionalas e poder lograr traballar neste campo algún día.

O meu soño é chegar a ser unha gran e respectada profesional no sector da moda.

 <https://www.beatrizchancosta.com/>

Storm boy



Storm boy é un filme que trata o tema da ecoloxía e a conservación dos recursos naturais e a fauna. Nel, un rapaz que vive illado co seu pai pescador debido a unha traxedia familiar, atopa un niño con tres pelicanos orfos debido á caza masiva. A historia mostra como o rapaz cría, coa axuda dun aborixe, estes pelicanos e se encariña con eles, pero tarde ou cedo terá que deixalos ir.

Quixen manter a temática principal da obra, a conservación costeira, por iso decidín centrar o proxecto na sustentabilidade

ao utilizar tecidos reciclados de denim e forro. Despois, para integrar máis a historia, centrei os estilismos en dous grupos, tres estilismos representan os pelicanos e os outros dous, o rapaz e o aborixe. Ademais disto, tamén recorro á estética da película utilizando plumas, vimbio etc. e diversas técnicas como os desfiuchados, os peiteados dos tecidos e as tinguiduras e estampacións. Todo feito de forma artesanal pola miña man.



MÚSICA

PERSOAS PREMIADAS

1º Premio

Alicia Otero

2º Premio

Ana&Marián

3º Premio

Karma Animal

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

Vogais

Francisco Gómez Seijo (Gandy)

Javier Becerra Lorenzo


Nonito Pereira Rey

Rosa María Cedrón Fernández

Carlos Daniel Landeira Pena

Secretaría

M.^a Jesús López Cernadas



1º PREMIO

Alicia Otero

Ourense

FORMACIÓN ACADÉMICA

2010-2017. Conservatorio Adagio, Monforte de Lemos.

2018-2020. Universidade de Santiago de Compostela, Grao en Filosofía.

2020-actualidad. Universidade Complutense de Madrid, Grao en Filosofía.

A música é o meu xeito de transmitir o que levo dentro. Dende pequena non coñezo outra forma de expresar, transmitir e compartir o que sinto e o que me fai emocionar. *Saliva y alquitrán* e *O retrato*, os temas presentados ao programa Xuventude Crea, son parte do meu primeiro EP, no que estou actualmente traballando e que poderá ser escoitado na primavera de 2022, un traballo moi importante para min porque son as miñas vivencias e sentimentos feitos cancións. Sempre tiveren claro que era isto, a música, o que quería facer na vida e o único que busco é que alguén poida sentir a miña música como súa.

 @aliciaoterog_

 Alicia Otero

 Alicia Otero

Saliva y alquitrán e O retrato



Saliva y alquitrán e *O retrato* son parte dun proxecto musical comezado en 2020 ante a necesidade de expresar cousas a través da música.

Nun mundo cada vez máis acelerado, *O retrato* supón un intento de soste aquelas cousas que parecen esvaecerse na présa da sociedade, un canto a non medrar, a agarrarse a unha infancia que nunca volve, a reter en forma de música un retrato de momentos que inevitablemente quedan subsumidos no tempo.

Saliva y alquitrán fala de corpos maltratados, da dificultade de dicir NON nun mundo que nos educa para ser compracentes e parece non oírnos nunca. Máis tamén fala de poder, de mulleres que se coidan entre si e non paran de berrar ata seren escoitadas.



2º PREMIO

Ana&Marián

Ana Moas Romero , Noia
Marián Romero Romero, Outes

FORMACIÓN ACADÉMICA

Marián. Estudos en curso no Grao profesional de música moderna en Estudio-Escola (actual) e técnica superior en Márketing e Publicidade (2015).

Ana. Graduada no profesional de música clásica especialidade violoncello (2013) e graduada en Publicidade e Relacións Públicas (2017).

EXPERIENCIA PROFESIONAL

Actuación en Gala Benéfica para Cáritas, recollida de alimentos (maio 2021).

Temos en común o amor profundo pola maxia e o poder da música. Como a arte nos invita á expresión auténtica e vulnerable e a iniciar un camiño de valentía e conexión cunha muller máis libre, máis apoderada, que habita no profundo do noso peito.

Darnos a man mentres alzamos a nosa voz, cada vez con menos medo, deixando ver e oír quen somos. E facémolo Ana&Marián a través de cada canción.

 @anamoasr

 @its.marianmusic

 @carabelamusic

 Calle Sonora | MARIÁN - Born to shine

 Gala XC 21 a partir do 1:06:06

Faros e Canto ao mar



Dende os seus comezos, este proxecto foi unha experimentación creativa libre na que atopar e ocupar o noso espazo como mulleres artistas galegas. Deixándonos levar polo sentimento, as herdanzas, a ilusión e a vontade de contar, demos luz a estes dous temas que sacan a relucir todo o anterior: a maxia de ser mulleres. Coas súas luces e coas súas sombras. Coas súas dores e coas súas crenzas; intuitivas, sensibles e visionarias dun

futuro en sororidade e en confianza. A obra presentada lévanos nunha travesía a través dun elemento común: o mar. Mergúllase ata tocar as súas máis escuras memorias para rematar saíndo á superficie atraídas pola luz dos faros. Eses seres que che alumean o camiño de volta á casa. O que sentimos é que neste proxecto somos a unha para a outra.



3º PREMIO

Karma Animal

Vigo

FORMACIÓN-EXPERIENCIA

2010-2015. Lois e Brais tiveron o seu primeiro grupo de rock xuntos cando os dous tiñan 18 anos, Fukc Paradise. Neste grupo cultivouse a semente do que anos despois sería a seguinte formación que terían.

2015-2018. No ano 2015 David coñece a Yago (antigo membro de Fukc Paradise) estudando xuntos na escola de audiovisuais de Vigo. De esta amizade nace o grupo Jaguars, ao que acabaría uníndose como baixista Lois. Despois dun par de anos de éxitos e concertos, o grupo vaise vindo a menos, e acabase por disolver en 2018. Ano no que comeza nun garaxe o seguinte proxecto que esta por vir.

2019-2021. A principios do 2019, Lois e Brais, o antigo guitarrista de Fukc Paradise, xúntanse no seu garaxe para preparar as primeiras composicións do que sería Karma Animal. Tras algúns ensaios sen unha base rítmica sólida, optan por falar con David para probar os primeiros temas, e é entón cando xorde a química entre os tres membros, e fórmase oficialmente Karma Animal.

Para nós Karma Animal máis que unha banda é un grupo de amigos que comparte unha visión común do mundo. Esta visión serve de inspiración para crear o noso propio son e as nosas letras, visión que nos gusta poder compartir coa xente. Pode ser tamén que sexa todo unha escusa para soltar adrenalina e deixar saír o animal que levamos dentro.

 <https://karmaanimal.bandcamp.com/>

 @karmaanimalband

 @davidrodd6

 @braisquevedo

 @loissio

 Karma Animal - Colossus

 Karma Animal

Fénix e Marfil



Tanto *Fénix* como *Marfil* son cancións nadas da sensación de eterno estancamento e rutina; dese inconformismo que te fai sentir caprichoso, descontento por vicio, queixándote rodeado de comodidades, pero sempre inquieto, sempre buscando un sentido que só chega para irse e deixar un baleiro maior.

A pesar disto, en *Fénix* existe unha esperanza e, sobre todo, un desexo de autocompaixón, de crer que sempre existe a posibilidade dunha segunda oportunidade, merecida ou non, e que despois do barullo no que podemos vivir sós chegará o silencio e a calma compartida.



NOVELA CURTA

PERSOAS PREMIADAS

1º Premio	Alba Guzmán Falcón
2º Premio	Adrián Noia Vázquez
3º Premio	Aarón Barreira Diz

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

Vogais

Elena Gallego Abad

Armando Requeixo Cuba

Ramón Domínguez Veiga

Tamara Novoa Alonso

Secretaria

M.^a del Pilar Vilariño Pereira



1º PREMIO

Alba Guzmán Falcón

Ourense

FORMACIÓN ACADÉMICA

2019-2021. IES Eduardo Blanco Amor, Ourense . Bachalerato Científico.

2021-actualidade . Universidade de Vigo. Grao en Enxeñería Mecánica.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2015-2020. Membro do grupo teatral Actoblanco de Ourense.

2018-2020. Delegate and Organizer in European Youth Parliament (EYP) España.

2015-2020. Asociación Cultural Música e Cultura de Galicia.

Alba é moi rara, non cre en nada do que lle contan pola rúa, gústalle a cor laranxa. Non é de ciencias nin de letras; polas mañás estuda Enxeñería e le Demidovich, polas tardesponse a escribir, a recitar poesía, a tocar o acordeón, a buscar un recuncho onde facer teatro. Pensa que o universo é infinito e que todo o que sabemos entra nunha cunca de caldo. Actualmente está intentando non afogar no caldo. Sei que poderá conseguilo, como se o estivese a vivir eu mesma.

 @gdealbaa

 @Alba Guzmán Falcón

Xoaniña de deus (fragmento)

Dura memoria

Memória do meu bem, cortado em flores
Por ordem de meus tristes e maus fados
Deixai-me descansar com meus cuidados
Nesta inquietação dos meus amores
Deixai-me descansar com meus cuidados
Nesta inquietação dos meus amores

Derriba dunha solitaria mesa de recuncho, un tanto disimulada por aquela vaporosa penumbra, un elegante tocadiscos Linn Sondek deixa escapar o metálico lamento orixinado polas doce cordas dunha dorida guitarra portuguesa. As melancólicas notas musicais, vibrantes e harmoniosas, secundan á voz dramática de Amália Rodrigues cantando, ironías da vida, un fermoso fado; Dura memoria.

A desoladora melodía, sen pretendelo, amortece o persistente repenique da torrencial choiva batendo sobre o tellado de lousa e, dalgunha estraña maneira, logra acompasar o cadencioso estralar dun mañizo de leña verde ardendo dentro da cheminea francesa.

Fóra, no exterior da vivenda, os refachos do cru inverno acarian con severa aspereza aos imperturbables buxos dun deprimente e descoidado xardín. Aquel vento irado non cesa de golpear, unha e outra vez, os muros de pedra cunha forza sobrenatural querendo, talvez, esvaecer a vehemente paixón amosada por eses versos, unhas delicadas sextinas de Camões

que intentan enganar os incómodos silencios, demasiados quizais, que sobreviven dende hai moitos anos naquela estancia cadrada onde agora unha descoñecida muller, completamente núa, se acarroula nunha vella randeeira situada no eixe central daquel amplo salón.


Soa, media atordada, contempla absorta aquelas catro paredes que a rodean sen ter moi claro porque se atopa así, espida e perdida naquel espazo. Seguramente cavile estar encarcerada ollando, abraiada, aqueles estreitos barrotes de cor branco e negro da gaiola ficticia coa que están empapelados os tabiques dese cuarto.

Está engruñada coma un feto no ventre materno, alimentando a súa desolación cos medos e as incertezas. De pronto detén por uns instantes ese lixeiro vaivén e, inmóbil como unha estatua, deixa os pés apoiados sobre o asento da cadeira. Os xeonllos permanecen encollidos e as coxas, cinguidas contra o peito por uns brazos tatuados, ofrecen agocho a unha cabeza, pode que noutrora fermosa, onde apenas se distinguen uns iris verdes ausentes. Invádea o pánico, aínda que tampouco sabe realmente moi ben o porqué.

Desentumécese amodo, sen brusquidade, para acabar repouando as costas contra o respaldo. Pouco a pouco, con certo automatismo, volve bambearse coa frecuencia perfecta do péndulo de Foucault ata que, nese exercicio estudado de autohipnose, logra deter o tempo e comprender que se encontra dentro da súa propia vivenda. [...]

Xoaniña de Deus esqueceu o seu nome. Padece alzhéimer. Un día coñece no hospital a Xavier Estrada, un singular personaxe propietario dun negocio dedicado ás tatuaxes en Viveiro. Co paso do tempo, Xavier proponlle unha idea surrealista: gravar na pel dela unha serie de palabras que lle axuden a lembrar cada vez que as lea. É cada tatuaxe a que levará a Xoaniña ao pasado, á súa familia, á súa anterior vida... Ata chegar ao presente.

Esta obra conta unha historia trágica e íntima, aínda que escrita con agarimo. Con ela, busco reflectir o padecemento da nosa protagonista, atraendo o lector ata poder permitirlle escapar, aínda que sexan un par de páxinas, das nosas propias penurias.



2º PREMIO

Adrián Noia Vázquez

Santiago de Compostela

FORMACIÓN ACADÉMICA

2017-2019. IES Arcebispo Xelmírez I, Santiago. Bacharelato de Humanidades.

2019-actualidade. Universidade de Santiago de Compostela. Grao en lingua e literatura españolas, con especialidade en lingua e literatura galegas.

2021-2022. Universidade de Lisboa. Programa de mobilidade Erasmus.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2020. Xunta de Galicia. Prácticas de monitor de tempo de libre no Campo de Voluntariado *Idade do Bronce* no Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro.

2021. Concello de Trazo. Monitor de tempo libre no campamento de conciliación familiar de xullo e agosto, xestionado pola empresa El Juguetón.

Sempre sentín que escribir era unha das miñas maiores paixóns. *O país dos raposos* foi a miña primeira novela e representa en si mesma o cumio do meu traballo e esforzo. Que fose premiada en Xuventude Crea só me dá alas para seguir facendo o que máis me gusta: plasmar a miña imaxinación no papel para compartila con todos. Ademais, creo que como persoa esta experiencia é enriquecedora e reafirma o meu compromiso coa lingua e cultura galegas, non só nun eido formal e académico, senón tamén nun espazo no que podó comunicarme co meu pobo.

 @adriannoia

O país dos raposos (fragmento)

I. NERÓN I

O asasinato daquela muller levantara sospeitas conspiradoras e paranoicas en todo o país. Todos coñeciamos a ameaza dos grupos fanáticos ultrarrelixiosos, pero esta era a que máis posibilidades tiña de triunfar, pois contaban cunha estrutura paramilitar e cun destacable, aínda que minoritario, apoio dentro do exército. Inverosímil pero certo, moitos civís xa se deixaban convencer por aqueles autodenominados Salvadores da Patria, que non eran estritamente devotos, pero si se amparaban na suposta ruína moral do noso país para salvagardaren os piares dunha nova sociedade que querían construír.

A muller anónima asasinada, de pel clara, cabelo louro curto e estatura media, encontrábase atada de pés e mans a unha cadeira de madeira branca e amosaba indubidables signos de violencia e tortura: arrincáranlle un ollo e coséranlle a boca, seguramente antes de que lle asestasen a bala no estómago, a cal produciu que se desangrase e manchase consecuentemente o branco da cadeira; o simbolismo era evidente, pois os Salvadores, aínda sendo aparentemente laicos, predicaban coa pureza corporal das mulleres. Ademais, a pesar de que as súas mans estivesen atadas, sostiñan un gran cartel de madeira que contiña o seguinte rótulo: «ENFERMOS, PECADORES E CÓMPLICES, UNÍDEVOS A NÓS OU MORREDE». Debaixo desta frase que declaraba abertamente as súas violentas intencións, podía lerse o acrónimo «CSA», cuxo significado era polémico e ambiguo, aínda que os expertos apuntaban a que reflectía o nome desa


organización paramilitar: Comité Social de Acción. O nome non axudaba a coñecer cal era a orientación política, pois sabían empregar correctamente a linguaxe para non se deixaren en evidencia e conseguiren cada vez máis adeptos. A violencia e o asasinato eran, sen dúbida, a súa forma de actuar e, aínda que estes crueis medios suscitasen temor entre a maior parte da poboación, conseguían convencer a moitos de que era a única maneira de chamaren a atención e acadaren os seus venerados obxectivos.

A imaxe era terriblemente perturbadora e provocou un medo sen precedentes entre a xente, porque conseguiran zafarse de calquera control policial, a plena luz do día, para colocaren aquel cruel cadro humano en medio da Gran Praza da nosa capital. Celebrábase o mes do Orgullo e aproveitaron a ocasión para aterrecer os que eles, convencidamente, chamaban enfermos e pecadores. Actuaban clandestinamente e os seus membros non podían revelar a ninguén a súa condición, porque esa traizón se castigaba dentro da organización coa morte. A información sobre estas persoas era escasa e pouco fiable, pero as traizóns facíanse públicas nas televisións nacionais, xa que se enviaban as gravacións de forma anónima e xamais se lograra capturar a ningún deles. Eran as sombras da poboación normal e, se nalgún momento un membro ou Salvador corría o perigo de ser descuberto pola policía, pegábase un tiro na face para complicar a identificación do cadáver; descubríanse así todos os membros e nunca se conseguira máis información da que eles proporcionaban. [...]

Estructurada en 11 capítulos narrados por catro personaxes, a obra presenta o desenvolvemento dun golpe de Estado nun país democrático calquera, no que a vida cotiá se ve alterada pola vontade dun grupo terrorista que quere impor un réxime violento. Dous irmáns, membros da alta administración do extinto estado, son obrigados a colaborar nesa causa. Con todo, a nova sociedade en vías de construción nace da vontade persoal dun individuo aflixido polos seus traumas máis profundos.

Amor, violencia, hipocrisía e distopía son os temas que se mergullan nesta historia inverosímil pero factible.

Coa obra intento mostrar certos conflitos actuais nas sociedades modernas. Pero non se artella como unha lección moral ao lector, senón que será el quen escolla o sentido que lles quere dar aos valores que se ven afectados e cuestionados.



3º PREMIO

Aarón Barreira Diz

Florderrei Vello, Vilardevós

FORMACIÓN ACADÉMICA

2014-2018. Universidade de Santiago de Compostela. Grao en Historia.

2018-2020. Universidade de Nebrija, Madrid. Mestrado de profesorado, especialidade en Historia.

2020-2020. Easy System, A Coruña. Curso de programación en Visual C#.

2020-actualidade. Universitat Oberta de Catalunya. Grao de Doble titulación de Enxeñería Informática e de Administración e Dirección de Empresas.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2019-2019. Prácticas profesorado secundaria (historia e xeografía). Instituto Liceo La Paz, A Coruña.

2020-2020. Técnico arqueólogo, Castro de Cerneda.

2021-2022. Auxiliar de educación, Academia Kumon A Coruña.

De crianza estraña e vida pacífica, a miña pluma artéllase segundo a miña caótica relación persoal co mundo, sexa esta tranquila ou tormentosa. No medio desa exploración e curiosidade xorden obras que, moi de cando en vez, atopan ollos e mentes dispostas a lelas e, opcionalmente, aprecialas. É todo canto podo ofrecer. Así pois, miñas damas, meus señores, agardo que gusten destas palabras.

 @iAaronBD

 @Aarón Barreira Diz

Indicios esferoides (fragmento)

I. Período dos eventos: 20 maio 2016–26 maio 2016

O principal protagonista dos feitos nesta historia é o meu amigo ao que me referirei co alcume de Enoc. Os seus apelidos serán evitados para protexer a privacidade da súa familia. Ámbolos dous compartimos facultade durante un tempo: eu era daquela estudante do segundo ano de carreira no grao de Historia da Universidade de Santiago de Compostela. El, pola súa banda, atopábase no cuarto ano de carreira e estaba a punto de entregar o seu traballo de fin de Grao (en diante, TFG), que versaba sobre as turbeiras galegas e o seu potencial como fontes de material arqueolóxico en excelente estado de conservación¹. O seu titor de TFG non se mencionará por privacidade.

A nosa relación de amizade comezou de casualidade cando compartimos espazo de traballo nuns talleres voluntarios no laboratorio de arqueoloxía da facultade, organizados polo GEPN (Grupo de Estudio para la Prehistoria del Noroeste Ibérico) para formar a alumnos que quixeran centrarse na rama arqueolóxica. Eu comezara no segundo cuatrimestre do meu primeiro ano e el xa era un veterano do laboratorio, e dado que tanto el coma min tiñamos en común o gusto pola literatura e a escritura fantástica e de ciencia ficción, así como os xogos de rol, acabamos por conxeniarse bastante ben dende o principio.

Os eventos comezan a mediados/finais do segundo cuatrimestre, cando empezan os exames finais ou parciais na universidade, así coma os proxectos e traballos finais dalgunhas materias. Enoc atopábase inmerso nas fases finais do TFG e xa tiña redactada e rematadas a introdución, obxectivos e marco teórico do proxec-

to, polo que lle quedaba finalizar o corpo do TFG e as súas conclusións.

Para poder cumprir con esa parte, buscando sobre todo poder achegar algo á investigación co seu TFG2, Enoc empezou a investigar nas fichas e rexistros arqueolóxicos almacenados na oficina de "Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais" (referida coloquialmente como "oficina de Patrimonio" ou "Patrimonio" a secas), situada preto do Museo do Pobo Galego, na praza actualmente coñecida como "Porta do Camiño". A súa esperanza era poder atopar referencias ou alusións a turbeiras ou restos arqueolóxicos atopados en turbeiras, apoiándose sobre todo nas localizacións oficialmente rexistradas nos mapas do libro "Turberas de montaña de Galicia", publicado pola Xunta de Galicia en 2001 dentro da serie "Colección Técnica Medio Ambiente". Desta maneira, evitábase ter que revisar un por un todas as carpetas concello a concello, centrando esforzos en aqueles que contiveran ou contactaran con zonas con turbeiras.

Xa levo varios días de estar hora tras hora mirando fichas en Patrimonio, e de momento non houbo ningún éxito. Tal e como esperaba, case todo son castros, mámoas e de vez en cando algún achado romano ou medieval. De seguir a este ritmo non terei nada co que apoiar as miñas afirmacións dentro do TFG, soamente os exemplos doutras partes de Europa. En circunstancias normais, tal vez con máis tempo ou (xa verás que chiste máis bo) con financiación, trataría de practicar algunha sondaxe nunha que fora especialmente interesante, pero diso non hai así que tocará ter paciencia e cruzar os dedos. [...]

Unha novela curta de ciencia ficción e terror, que planifiqué e redactei nunha semana e cunha forte influencia de H. P. Lovecraft e moi especialmente de Agustín Fernández Paz, así como a película *Sphere*, baseada no libro homónimo de Michael Crichton.

A través dela, achegámonos aos estraños descubrimentos que tiveron lugar nunha praia de Ortigueira. Unha pequena curiosidade científica que deriva por camiños retorcidos doutros tempos e espazos.



Poesía

PERSOAS PREMIADAS

1º Premio

Brais Lamela Gómez

2º Premio

Judith Ruso Pereiro

3º Premio

Navia Rivas De Castro

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

Vogais

Guadalupe Gómez Arto

Luis González Tosar

Xosé Luna Sanmartín

Víctor Manuel Furelos Guillén

Secretaria

Pilar Tamerón Montesinos



1º PREMIO

Brais Lamela Gómez

Vilalba / Nova York

FORMACIÓN ACADÉMICA

2013-2017. Universidade de Brown, Providence. Grao de Literatura Comparada.

2017-2018. Universidade de Cambridge, Inglaterra. Mestrado en historia e literatura europea. Beca Santander cubrindo matrícula e manutención.

2018-Actualidade. Universidade de Columbia-Universidade de Yale. Doutorado.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2019-2021. Docente (Teaching Fellow). Universidade de Columbia.

2021-Actualidade. Docente (Teaching Assistant). Universidade de Yale.

Brais Lamela naceu en Vilalba en 1994 e viviu en Galicia ata os dezasete anos. Formouse en Literatura comparada e Historia nas universidades de Cambridge, en Reino Unido, e Brown, nos Estados Unidos, grazas a diversas bolsas de estudo. O seu traballo ten acadado diversos premios literarios, como os premios Minerva, Ánxel Casal ou Xuventude Crea. Actualmente cursa un doutorado na Universidade de Yale, onde tamén exerce a docencia. No verán de 2022, formará parte da Residencia Literaria Cidade da Cultura, en Santiago de Compostela.

A linguaxe dos outros

A lingua natal

Quero apresar esta paisaxe
como unha ave do arrabalde que se pousa sobre os restos

a carriza medrando sobre a casa da infancia
as veciñas anotando nos almanaques as citas do médico

rexistrar este mundo polos seus ocos
coma esas esculturas de Rachel Whiteread onde o espazo
baleiro é o que ten forma,
o que pesa

todo o que é este xesto inútil de escribir dende o estranxeiro
todo o que é pronunciar as palabras

mentres dormen os nenos pronunciar as palabras
mentres camiño pola metrópole adurmiñada pronunciar as
palabras

pronunciar as palabras
na lingua natal

A lingua estranxeira

*Naqueles anos de preguiza e de noxo
no doce tempo
dos youth hostels
X.L. Méndez Ferrín*

Porque fomos dispersados en terra estraña

xa non temos nomes propios —non somos quen de
pronuncialos
as vogais estranxeiras confúndense na boca coma estacións
de metro
camiñamos coas costas viradas aos monumentos da urbe e
outros fetiches da permanencia


porque somos unha xeración dada ao esquecemento
non quedará rastro do noso paso polo planeta para as
civilizacións futuras
agás quizais este vizoso rastro de humidade en camas sen
facer e sabas revoltas.

Que diremos deste locus amoenus: a cidade
este chan onde non arderon restrebas ou outros artefactos de
memoria
será inevitable que os corpos se busquen para espantar o frío
ao volver de travesías innumerables sen madeira para o lar,
sen linguaxe.

Porque estivemos xuntos e fomos dispersados
porque haberá que aprender como se arma unha casa, como
se prende un lume
en terra estraña.

A linguaxe dos outros é unha pequena serie de poemas onde procuro reflexionar sobre algúns temas que me levan preocupando ultimamente, particularmente a miña propia relación co galego dende que habito no estranxeiro. O que examina o texto no seu conxunto é, quizais, o que significa achegarse a unha lin-

gua que sinto como familiar e asemade allea. Agora que volvo ler os poemas, atopo que quizais hai un xesto un pouco esteticista de máis na súa execución, pero paréceme que o seu valor radica no que poñen en xogo.



2º PREMIO

Judith Ruso Pereiro

Negreira

Nacín nun val, teño bo ollo e son capricornio.

FORMACIÓN ACADÉMICA

2014-2016. IES Xulián Magariños, bacharelato de ciencias sociais.

2016-2021. EASD Mestre Mateo, Deseño de Moda.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2021. Finalista no X Certame de poesía Ardeiro.

 @judithruso

 <https://judithruso.wixsite.com/portfolio>

Hábitat hostil

I. OBXECTOS

O segredo do pole e dos pistilos,
do lixo espacial tinguindo de vermello o ceo nocturno
e da renovación do pasaporte
é un segredo oculto a plena vista.

Un eco triste, unha badalada, un corpo estraño instalado
na carne branda do estómago que o organismo rexeita,
incapaz de dixerir.

A placidez dos rostros dos buddhas, dourados e cheos
coma os dos homes que rexentan os prostíbulos, esa
sensación
de cando o músico é un co instrumento, coma se se puidese
acariciar case o interior da gorxa e o veludo negro -

a interpretación é outro obxecto.
a lúa?
unha perla de *Vermeer*
pendurando desbordante
coma un vaso de leite enteira.

II. OBXECTOS II

un paxaro verde agrisado bateu
contra o cristal da fiestra e rompeu o pescozo. Sostéño entre
as mans,
con rabia, con forza e como querendo
esmagalo de amor. Se o gardase nun caixón e o collese cada
mañá,
aprendería o tacto do seu plumaxe de memoria,
o peso exacto do seu corpo que a forza de perder a calor se
iría
convertendo nun obxecto familiar, próximo,
desos que sostés na palma e xiras,
e pasas entre os dedos e enceras,
quecéndoo coa calor das mans, coa inercia do nerviosismo
ata que perden todo o seu significado e xa non son paxaros,
son
obxectos que se rebelan contra a propia existencia,
prevalecendo obstinados a pesar de seren
privados da súa orixe.

Hábitat hostil é un poemario que busca entender a cognición, o mundo, a existencia de todas as cousas.



3º PREMIO

Navia Rivas de Castro

Santiago de Compostela

FORMACIÓN ACADÉMICA

2010-2014. Grao en Filosofía, USC.

2014-2015. Mestrado Interuniversitario en Lóxica e Filosofía da Ciencia, USC.

2015-2020. Doutoramento en Lóxica e Filosofía da Ciencia, USC.

2020-2021. Mestrado de Profesorado, USC.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2016-2019. Experiencia docente na Facultade de Filosofía enmarcada dentro da bolsa FPU (Estudos de Doutoramento).

Creo que, se tivese que definirme todos os días, esa definición variaría tanto que acabaría por concluír que non existo. Mais camiñar, pensar e cantar probablemente serían constantes. E elixir vivir en verso. No fondo, aquilo que somos esixe unha escolla constante. Por iso me gusta tanto a poesía, porque nela podo afondar as miñas raíces e, ao mesmo tempo, estender as pólas cara ao ceo e deixar que os pensamentos voen en forma de palabras.

Aprender a respirar

prescindir de murallas – escudos –
máscaras

e falar, coma se tivésemos o don da
palabra,
coma se puidésemos eternizar un flash
ou prolongar a catástrofe da felicidade,
ou agarrar coas mans líquida a euforia

ou ser un nada
sendo todo,

unha colisión perfecta
feita de po de estrelas.

quixera existir
máis alá do osíxeno,

convivir co baleiro
como única forma de ser,

ter trinta vidas
para entender esta luz,


ter trinta vidas
para ensaiar palabras _

ter trinta vidas
para describir un ollar.

canto do que son teño que afogar
para poder ser eu?
todos
os
escenarios
en que non estou
xa
son
mentira.

Aprender a respirar é un intento de plasmar en palabras unha calma despois da tempestade, o que sucede cando deixamos ir aquilo que nos fai dano e saímos de novo á superficie para camiñar cos pés no chan, paso a paso, aprendendo de novo as sensacións máis básicas (prescindindo de murallas-escudos-máscaras).

Tamén hai nos poemas un agarrar a presenza, ser consciente dunha mesma e de que o camiño que percorremos é o que eliximos percorrer. Tropezar e cometer erros forma parte diso, porque podemos ser moi sensibles e fráxiles, máis iso non significa que non poidamos ser fortes.



TEATRO

PERSOAS PREMIADAS

1º Premio	Mevadeus
2º Premio	As Catro
3º Premio	Xebra

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

Vogais

Artur Trillo Sendón

Belén Díaz Bouzas

Antonio Vázquez Turnes

Inmaculada López Silva

Secretaria

M.^a Jesús López Cernadas



1º PREMIO

Mevadeus

Inés Santos Acuña, Santiago
Cristian Fernández Castro, Lugo
Brais Fernández Pombo, Vigo
Mara Neira Doural, Vigo

Carmen Casal, O Grove
María Torres, Vigo

FORMACIÓN-EXPERIENCIA PROFESIONAL

Cristian Castro

2017-2021. Actor formado en interpretación xestual na ESAD de Galicia.
Setembro de 2021. Actualmente forma parte do elenco da produción do CDG, *Serva me servabote*.

Decembro do 2019. Compón unha curta peza de autocreación, *Heridita de un maricón*, estreada na sala de teatro Artika, Vigo.

Brais Pombo

2017-2021. Actor formado en interpretación xestual na ESAD de Galicia.

2021. En 2021 foi seleccionado pola compañía belga Troubleyn Jan Fabre para unha estancia na compañía durante 2 meses que terá lugar en 2022.

2020. Formou parte do espectáculo *When are we?* (2020) no Buran Teatre e no espectáculo de danza contemporánea *Masks* dirixido pola coreógrafa Uršula Teržan.

2019. Estudou na Janáček Academy of Music and Performing Arts en Brno, República Checa.

2017. Participou na performance *532 Pulsaciones* no museo MARCO de Vigo.

Inés Santos

2017-2021. Actriz formada en interpretación xestual na ESAD de Galicia.

Febreiro 2019. Formou parte do festival Escenas do Cambio coa peza *O gatillo da felicidade* coa compañía portuguesa Casa Branca.

Setembro 2018. Foi seleccionada para a residencia de danza do festival Herdanza coa peza *Heterotopía* no CGAC.

Mevadeus somos Mara Neira, Inés Santos, Bal Castro e Brais Pombo, catro intérpretes que compartimos inxerencias artísticas e sociais a través do movemento.

Somos unha compañía de teatro físico que intenta entender a natureza humana mediante a experimentación dos corpos e do espazo sonoro, utilizando instrumentos propios do folclore galego, a voz e gravacións documentais.



Mara Neira

2017-2021. Licenciada en interpretación xestual pola ESAD de Galicia.

2020. Foi seleccionada no Encontro Teatral Bambalinas 2020 de Alemaña por Arteficio (performance).

2021. Colaborou con distintos proxectos de carácter audiovisual como *O sabor das Margaridas* ou a longametraxe de *Ti primeiro*.

Carmen Casal e María Torres

2018-2021. Escenógrafas encargadas da xestión, deseño e produción do espazo escénico, formadas no grao superior de Escenografía na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESADg).

Traballaron en diversas pezas desta institución coma iluminadoras e tamén en diferentes festivais. Actualmente están a descubrir o mundo da iluminación escénica e do deseño de espazos escénicos.

Agro 5G



Catro amigos, pertencentes á xeración Z, viaxan ao pasado coa premisa de saber: Quen seríamos nós, outrora nós? O presente mestúrase co pasado ao mesmo tempo que empezan a florecer o amor, a loita, o medo, a violencia, o exilio e a tradición. Catro amigos que se atopan para descubrir respostas sobre quen son e cara a onde van co desexo de evitar os erros dun pasado que aínda nos pertence e parece estar máis presente que nunca.

O auxe dos delitos de odio, a violencia contra o disidente, o distinto, o diferente é o impulso motor para volver á historia, á tradición, á memoria e saber se somos quen de aprender algo.

Agro 5G trata de coller forza, de coller impulso e ser quen de elixir outro camiño nun intento de xustiza poética a todas as persoas que non puideron outrora nós.

Pasado e presente mestúranse nunha poética xestual onde a paisaxe sonora se sitúa no centro da peza para envolvernos en sons doutros tempos, desvanecendo os límites entre o aquí e o agora. A forte pegada documental parte de cantigas populares recollidas por aldeas das serras do Courel e do Suído que forman parte do relato con letras cargadas de dobres sentidos que delatan tinguiduras pagás falando de sexo e liberdade.



2º PREMIO

As Catro

Lara Álvarez Álvarez, Redondela
Elsa García Comesaña, Vigo
Noa Iriarte Alonso, Tomiño

Sandra Núñez Figueroa, Vigo
Xiana Prada Soler, Caldelas de Tui

FORMACIÓN-EXPERIENCIA PROFESIONAL

2016-presente. Noa Iriarte fórmase en Escenografía na ESAD de Galicia.

2017-2021. As actrices do grupo gradúanse na ESAD de Galicia en Interpretación textual.

2021. O grupo estrea a peza no centro Nautilus.

Somos Lara Álvarez Álvarez, Elsa García Comesaña, Noa Iriarte Alonso, Sandra Núñez Figueroa e Xiana Prada Soler. Antes eramos a compañía denominada As Catro. Agora somos As Monas Cabronas. A enerxía deste grupo vén do noso gusto por traballar experimentando. A unión nace dunha conversa sobre que queríamos facer no noso proxecto final de carreira. Démonos conta de que nos encantaba a comedia, mais tiñamos moitas inseguridades á hora de facela nós mesmas, así que concibimos este traballo coma unha liberación e unha aprendizaxe. Ademais, decidimos amosar o noso compromiso ideolóxico a través do noso medio: o teatro.

 @monascabronas

Que rima con Chomsky?



Nesta comedia desenfreada, catro rapazas viaxan a Nova York coa intención de desatar un virus que infecte a toda a humanidade, convertendo a todo o mundo en gorilas de lombo prateado. Con esta premisa, desatarase o caos no apartamento no que se aloxan, o que dará pé a situacións catastróficas e absurdas.

Con esta obra, dámoslle a oportunidade ao público de coñecer a catro personaxes extravagantes e imprevisibles que se atopan no medio dunha amálgama de verborrea política.



3º PREMIO

Xebra

Martín Rodríguez Díaz, Vigo
 Lucas S. González Feijóo, Vigo
 Gema González Estévez, Mos

FORMACIÓN-EXPERIENCIA PROFESIONAL

GEMA GONZÁLEZ

Mestrado. Formación en Interpretación e Casting para actores. Cine/ Tv/Teatro/Casting. (Título Propio AMVigo) pola Universidade a Distancia de Madrid (UDIMA).

Titulada Superior en Arte Dramática na especialidade de Interpretación Xestual pola Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESADg).

2017. *Bernarda*: Montaxe de Lohengrín Teatro. 2º Premio Buero Ballejo'18 á mellor actriz.

2018. *Carmen*: Montaxe da Ópera Nacional de Moldavia.

2019. *Neurose*: Montaxe de anti.dramadrama.club.

2021. Circo Nadal: Teatro-circo. Montaxe da compañía *La fiesta escénica*.

2021. *No me llames Dolores. Llámame Lola*: Teatro-danza. Cocreación con Nora Rodríguez.

2021. *Control Z*: Montaxe de Roberto C. Mouriño.

LUCAS SIMÓN

Dirección e dramaturxia pola ESAD de Galicia.

Interpretación pola EMT Vigo.

Lindy Hop/claqué.

2019. Director, dramaturgo e intérprete de FARTS (arte con maiúsculas) de PorNós Teatro.

2019-2020. Director e dramaturgo de *Corset* de Argallo Teatro.

2020. Dramaturgo de *Vendo Opel Corsa* de PorNós Teatro.

2021-actualidade. Director e dramaturgo de *Teatro de merda no mundo que se acaba* de Teatro por defecto. Dramaturgo de *Malayerba*, peza publicada en *El veneno en el aire*, de Ediciones Invasoras.

A compañía Xebra, creada en 2020, somos Gema González Estévez, Martín Rodríguez Díaz e Lucas Simón González Feijóo. Fundamentamos o noso traballo na investigación e creación escénica contemporánea a través do teatro físico e a poesía escénica, sumada a un fondo interese polas afectacións do espazo sonoro. Comezamos a nosa andaina pola escena galega coa nosa primeira peza, *Irremediamente soa*, obra nada como TFE de investigación e creación corporal para o grao de Interpretación Xestual da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

MARTÍN RODRÍGUEZ

Técnico profesional en piano clásico.

Grao superior en Música na especialidade de Interpretación Piano Jazz.

2017-2018. Estudos no Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra con Paco Charlín.

2017-2019. Teclista, guitarrista e vocalista do grupo de rock Flashback.

2017-actualidade. Teclista e vocalista do grupo de pop-rock San Rockers.

2018-2019. Formador de Agrupación musical infantil.

2018-2020. Pianista e cantante do grupo de Jazz 4OFJazz.

2018-actualidade. Pianista e guitarrista acompañante de artistas como Sabela Cereijo e Antía Caride.

2019-actualidade. Técnico de son en directo con Berto Lopo Producciones.

2020-actualidade. Teclista e vocalista do grupo de rock Trasnós. Formación en produción musical e técnico especializado en *Cubase* con Carlos Mariño.

2021-actualidade. Teclista, guitarrista e vocalista do grupo tributo a The Beatles The Hendersons. Creador do proxecto musical Planeta Marte.

Irremediavelmente soa



Irremediavelmente soa é un espectáculo que pon o seu foco nunha forte sensorialidade, tanto no eido visual como no sonoro, xa que busca interpelar o público directa e indirectamente a través dunha poética verbal, corporal, visual e musical forte, e espertar así o abano de emocións sobre as que queremos reflexionar. Isto é, amosar a nosa relación como creadores coa paixón, a frustración e a violencia na procura do obxecto artístico.

A posta en escena baséase nunha fisicidade complexa e simbólica, así como unha atmosfera musical única en vivo e un espazo escénico suxestivo á par que inquedante.

 <https://www.ciaxeбра.com/>

 Martín: @monttywiet

 Lucas: @pelucassimon

 Gema: @_alouminho



Videocreación

PERSOAS PREMIADAS

1º Premio

Aarón Vilariño Figueiras

2º Premio

Mario Fernández Filloy

3º Premio compartido

Juan Rodríguez Bas

3º Premio compartido

Alba Rodríguez Villar

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

Vogais

Ignacio Vilar Díaz

Francisco Freire Magariños

Álvaro Pérez Becerra

Pablo Comesaña Pérez

Secretaria

M.^a del Pilar Vilariño Pereira



1º PREMIO

Aarón Vilariño Figueiras

Santiago de Compostela

FORMACIÓN ACADÉMICA

2018-2020. Bacharelato científico en IES Pontepedriña.

2019-2020. Bolsa en Curso preuniversitario Foundation na Escola Superior de Cinema e Audiovisuais de Catalunya.

2021-Actualidade. Bolsa en Grao de cinematografía na Escola Superior de Cinema e Audiovisuais de Catalunya. Actualmente cursando primeiro.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

Ningunha experiencia puramente profesional á marxe de rodaxes estudiantís en Cataluña.

Nacín en Santiago no 2002 e case que dende entón levo pegado a unha cámara. Comecei facendo fotografía e pouco a pouco funme aproximando ao mundo do cine ata que ao rematar bacharelato solicitei unha bolsa na ESCAC, preto de Barcelona. Houbo sorte, co que agora estou facendo o grao de Cinematografía. Neste entrei en contacto co mundo do cine experimental en analóxico, no que me estreei coa curtametraxe *Peixe*, presentada a Xuventude Crea.

 @aaron_vilarinho


Peixe



Cando pensamos nun depredador, o primeiro que nos vén á cabeza é esa idea de animal salvaxe que, como en *Tiburón*, é algo externo e alleo á condición humana. *Peixe* é unha ollada ao mundo dende outra óptica. A peza foi rodada en super8 en branco e negro reversible, e é o resultado dun proceso moi plástico, analóxico. Dende os químicos de revelado ata as animacións foron feitos manualmente, así como as múltiples intervencións directas sobre a película. Unha vez filmado, o negativo revelouse nun laboratorio improvisado na miña cociña e

posteriormente usáronse varias técnicas como a corrosión con lixívia, raiaduras e perforacións ou a animación cadro a cadro. Para a posproducción, gravouse a proxección directa.

A curta céntrase sobre todo na experimentación formal e xógase con múltiples técnicas coas que buscaba os límites do que se pode facer e o que non en analóxico, poñendo especial atención na súa parte máis plástica.



2º PREMIO

Mario Fernández Filloy

O Carballiño

FORMACIÓN ACADÉMICA

2012-2018. IES N°1 O Carballiño. Bacharelato.

2018-Actualidade. Universidade Santiago de Compostela. Grao en Comunicación Audiovisual.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2019 e 2021. Xociviga. Organización do festival e deseño gráfico.

2022. Auxiliar de produción na curtametraxe *Que mi voz suba a los montes* de Gabriel Azorín.

Teño 21 anos e son un apaixonado do cinema dende pequeno, pois grazas aos meus pais sempre estivo moi presente na miña casa. Aínda estou rematando os estudos de grao, mais dende hai tempo teño claro que quero dedicarme a isto do cine. Por agora, *Vulgaris* e as curtas anteriores son unha forma de probar e experimentar coa cámara, algo que levo facendo dende neno cos meus irmáns.

Vulgaris



Vulgaris nace coa pretensión de unificar a estética e o sentimento relacionados historicamente cos cefalópodos no mundo da arte (criaturas monstruosas, ambientes sinistros, mito do kraken) coa cultura do polbo nas feiras propia de Galicia (asociada a valores positivos e de festexo).

Para lograr ese efecto, *Vulgaris* segue o proceso polo que pasa o polbo dende o mar ata o prato de madeira nunha feira, pero subvertendo a estética esperable nese contexto (branco e negro, gran, alto contraste) e valéndose dunha edición de son particular.



3º PREMIO COMPARTIDO

Juan Rodríguez Bas

Gondomar

FORMACIÓN ACADÉMICA

2008- Actualidade. Formación en Danza e artes do corpo en distintas escolas e talleres.

2014-Actualidade. Grao en Arquitectura: Universidade da Coruña e Escola portugalense (Porto).

2018. IV Workshop internacional de escenografía no Estudio de arquitectura RCR impartido por Paco Azorín e Pedro Chamizo.

2020-Actualidade. Grao en Escenografía na ESAD de Galicia.

2020-Actualidade. Formación musical en piano (academia privada).

EXPERIENCIA PROFESIONAL


2019-Actualidade. Concello de Gondomar: Dirección do departamento de cultura.

Son escenógrafo e arquitecto, con especial interese no espazo escénico do século XXI, e caracterizado por levar a cabo proxectos artísticos onde o corpo en movemento se relaciona co espazo. Todas as propostas que levo a cabo no ámbito creativo teñen unha estrutura común. Concepto, rigor e risco.

 @bas.studio

 @juan.robas


O principio do movemento



Creei a obra a partir da convocatoria do Xuventude Crea 2021. Os temas que se reflicten son liñas nas que traballo e me definen como creador; por un lado, a relación do corpo co espazo e, por outra banda, a carga filosófica e poética. A idea xorde a partir dunha investigación que estaba a levar a cabo esta tempada a partir da teoría filosófica de Aristóteles dos catro elementos en relación co éter. Fixen unha pescuda de cancións que se adaptase ao espazo sonoro que quería transmitir. *O Entrelazado de Allariz* de Carlos Nuñez foi a opción escollida, xa que o ritmo e o tempo musical creaba a esfera e as sensacións que que-

ría transmitir. Foi un traballo totalmente experimental, onde o máis importante é crear poesía visual de distintos elementos en relación co corpo, sen personalizalo, cun fío condutor, a corda, que enlaza a parte máis espiritual coa parte máis terreal. Un dos propósitos da obra é crear elementos subxectivos, onde cada espectador os encha de contido.

En conclusión, a obra é unha mimese do corpo en movemento co espazo no que se atopa, en relación co tempo.



3º PREMIO COMPARTIDO

Alba Rodríguez Villar

Cedeira

FORMACIÓN ACADÉMICA

2012-2017. Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Titulación Superior en Dirección Escénica e Dramaturxia.

2017-2018. Lens Escuela de Artes Visuales. Madrid. Curso de Realización de Documentais.

2018-2020. Universidade Rey Juan Carlos. Madrid. Mestrado Universitario en Guión cinematográfico e Series de Televisión.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2018. Dirección, guión e montaxe da curta *Sedimento*, galardoada co primeiro premio no Xuventude Crea na especialidade de videocreación. Estrea na Cineteca de Madrid.

2018-2020. Axudantía de dirección e técnica de audiovisuais na compañía teatral @mandaubicacion producida por Bella Batalla.

2020. Auxiliar de produción en set na curta *Canibalismo* dirixida por Diego R. Aballe e coproducida por Coven Films e Méjico.tv.

Son directora e guionista, comecei ligada ao teatro, o que lles brinda ás miñas propostas unha clara tendencia na procura da importancia e detalle de cada elemento e un gusto polo cinema que profunda nas súas personaxes como motor principal da historia. Os meus anteriores traballos, *Alborada* e *Sedimento* (terceiro e primeiro premio no Xuventude Crea, estreados na Cineteca de Madrid en 2019) mostran unha especial sensibilidade e poética no uso da linguaxe cinematográfica e das novas narrativas, así como un claro interese no documental e a importancia do pasado, a tradición e a orixe.

Na actualidade, estou desenvolvendo diversos proxectos teatrais e audiovisuais tanto persoais como en colaboración con outros creadores e creadoras.



Quebec Delta



Quebec Delta no código internacional de sinais significa seguir adiante. Quebec é unha cidade do Canadá onde o meu avó fora pescar nalgunha ocasión e Delta é a variante do coronavirus da cal estaba infectada no momento da montaxe desta peza. *Que-*

bec Delta fala de min, fala de ti, fala de todas nós. Fala do meu avó, fala do meu pai e do pai da miña nai. Fala da terra, fala do mar, fala do pobo. Pero sobre todo fala da valentía de vivir na posibilidade inminente do naufraxio.

XUVENTUDE CREA 2021